



XUNTA DE GALICIA



# XUVENTUDE crea

CERTAME 2020

**Xunta de Galicia**

Consellería de Política Social

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Santiago de Compostela 2021

1ª ed., 2021. Santiago de Compostela

**Edita**

Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

**Deseño**

Seteseoito deseño gráfico

**Imprime**

Gráficas Garabal S.L.

DL: C 941-2021

# Sumario

# XUVENTUDE crea

## ESPECIALIDADE DE ARTES PLÁSTICAS

MEMBROS DO XURADO .....	9
Adriana Brantuas Arijón .....	10
Mar Ramón Soriano .....	12
María López Quiroga .....	14
Sara Piñeiro Fernández.....	16
Lois Anxo Cid García .....	18

## ESPECIALIDADE DE BANDA DESEÑADA

MEMBROS DO XURADO .....	21
Miguel Pérez Ramudo.....	22
Juan Gras Area .....	24
Sergio de Arcos.....	26
André Díaz Cerviño .....	28
Brais Fierro Fuentes.....	30

## ESPECIALIDADE DE COCIÑA

MEMBROS DO XURADO .....	33
Shewit Pérez-Izaguirre Martínez .....	34
Andrea Maseda Prado e Miguel Morán Gueimonde .....	36
Javier Lojo.....	38

## ESPECIALIDADE DE CREACIÓN DE VIDEOXOGOS

MEMBROS DO XURADO .....	41
Digital Monster Collective.....	42
María Pita.....	44
Anzol.....	46

## ESPECIALIDADE DE DANZA MODERNA

MEMBROS DO XURADO .....	49
Mera .....	50
Grow as Ohana.....	52
Estorniños .....	54
Sway.....	56
Abraio.....	58
PotenciArte.....	60

## ESPECIALIDADE DE DESEÑO DE XOIAS

MEMBROS DO XURADO .....	63
Sofía Rivas Souto .....	64
Marcos López Rodríguez .....	66
Onecimo Betances Gómez.....	68
Adrián Abal Martínez .....	70

## ESPECIALIDADE DE FOTOGRAFÍA

MEMBROS DO XURADO .....	73
Helena Lafuente González .....	74
Cecilia López Prego .....	76
Eva Antelo Mata.....	78
Adrián Vázquez Rodríguez .....	80
Olaya Rodríguez Pérez.....	82
Coral Hermo Calvo .....	84
Sergio Barral Roo .....	86

## ESPECIALIDADE DE GRAFFITI

MEMBROS DO XURADO .....	89
Javier Caamaño Pérez .....	90
Adrián Lomba Balea .....	92
Daniel Fernández Vargas.....	94
Fercho R. Miguélez .....	96

## ESPECIALIDADE DE MODA

MEMBROS DO XURADO .....	99
Ana María Vázquez Fernández.....	100
Catalina Estévez Reguera.....	102
Ángel López Pérez.....	104
Braís Albor Rodríguez .....	106

## ESPECIALIDADE DE MÚSICA

MEMBROS DO XURADO .....	109
Amorodo.....	110
Battosai .....	112
Burgas Vandal.....	114
Mundo Prestigio .....	116
Panic Light .....	118
Sara Sístole.....	120

## ESPECIALIDADE DE NOVELA CURTA

MEMBROS DO XURADO .....	123
Adrián Gómez Ramos .....	124
Orde Caos .....	126
Alba Ermida Area .....	128
Andrea Ladrón de Guevara Jato .....	130

## ESPECIALIDADE DE POESÍA

MEMBROS DO XURADO .....	133
Ciro Briones .....	134
Alba Ermida Area .....	138
Ismael Ramos Castelo .....	142

## ESPECIALIDADE DE TEATRO

MEMBROS DO XURADO .....	147
Palimoquiños e Cía. ....	148
Lohengrín Teatro.....	150
Farándula Velutina .....	152

## ESPECIALIDADE DE VIDEOCREACIÓN

MEMBROS DO XURADO .....	155
Carlota Álvarez Feijoo .....	156
Luis Xavier Do Rego Ramil .....	158
Andrés Sanjurjo García .....	160
Hugo Vales Fernández .....	162
Ariadna Cordal García.....	164

# Saúdo

Son moitas as veces que escoitamos falar da creatividade como un fito difícil de acadar, que require dunhas capacidades especiais ou dun don só ao alcance duns poucos. Ter unha boa idea ou unha habilidade supón un mérito *per se*, mais precisa da visibilidade, o apoio e a repercusión necesaria para ser recoñecida polo resto do mundo. Xuventude Crea busca rescatar todas esas boas ideas da mocidade galega para impedir que queden no esquecemento e se poidan converter nun impulso cara ao que eles elixan.

Como todo, neste 2020 esta edición do Xuventude Crea foi atípica, moi diferente ás dez anteriores. Aínda así, decidimos manter estes premios porque sabemos da importancia deste empuxón cara ao éxito e a resposta da mocidade foi exemplar. Preto de 500 participantes, case 150 máis que o ano anterior, o que demostra que hai moita creatividade na xuventude que precisa ser escoitada, vista e desfrutada.

Non só impedimos que a covid-19 eliminase esta nova edición, senón que aumentamos as súas categorías ata 14 coa creación de dúas novas modalidades de creación de videoxogos e novela curta. Tentamos seguir o ritmo das nosas mozas e mozos e chegar a todas as especialidades posibles para que poidan brillar e destacar en todo o que se propoñan.

Sabemos que aínda máis importante que o apoio económico e social é o apoio anímico. Con estes premios procuramos dicirvos a todos que cremos en vós e que creades en vós mesmos. Hai unha Galicia que está desexosa de coñecer do que sodes capaces e a través das páxinas deste libro queremos achegar unha mostra dunha edición de Xuventude Crea que nunca esqueceremos.

**Fabiola García Martínez**

**Conselleira de Política Social**



## PERSOAS PREMIADAS

### 1º Premio

Adriana Brantuas Arijón

### 2º Premio

Mar Ramón Soriano

### 3º Premio compartido

María López Quiroga

### 3º Premio compartido

Sara Piñeiro Fernández

### Mención de honra

Lois Anxo Cid García



## MEMBROS DO XURADO

### Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

### Vogais

Mercedes Rozas Caeiro

Manuel Paz Mouta

Javier Expósito Paradela

Pedro Miguel González Galilea

José Eduardo López Valiña

### Secretario

Santiago Aparicio Fernández



1º PREMIO

# Adriana Brantuas Arijón

Santiago de Compostela



Desde adolescente sentín unha grande atracción pola arquitectura, a escultura e todo aquilo que as rodea. Adoitaba facer fotografías aos espazos, xa fosen urbanos ou rurais. Sobre todo, a aqueles lugares que me transmitían un sentimento de liberdade, beleza ou refuxio. Nelas, rara vez aparecían persoas, pois considero que o verdadeiro protagonista é o espazo: os volumes, as formas...

Esta teima por abordar o 'espazo' levome a comezar a miña carreira dentro do ámbito da arquitectura. Esta permitíume explorar os espazos domésticos e públicos desde a perspectiva do deseño. Máis tarde, mudei esta traxectoria para explorar a 'forma' a partir da fotografía. E agora, a través da escultura, trato de explorar a materialidade destes mesmos espazos.



[www.adrianabrantuas.com](http://www.adrianabrantuas.com)



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2019-Actualidade. Universidade Complutense de Madrid. Grao en Belas Artes.

2016-2018. Instituto Europeo di Design. Madrid. Ciclo Grao Superior en Artes Plásticas e Deseño en Fotografía.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2019. Jessops. Londres. Técnica de laboratorio fotográfico.

2019. Jessops. Londres. Profesora de fotografía.

## A memória do baleiro






2º PREMIO

# Mar Ramón Soriano

Ourense



Actualmente traballo na miña investigación tanto teórica como plástica partindo de materiais e obxectos comúns e cotiás. Interésanme os significados implícitos que conteñen e a información obxectual que por estaren tan preto de nós, pasa desapercibida. Xunto cos obxectos cotiás, a cerámica é outro dos materiais importantes, trátoa sempre facendo alusión ao corpo humano, con formas orgánicas e cores que asemellan pel. Na peza que presento ao certame, o corpo cerámico trócase xogo inútil e infrutuoso, estático, xa que en caso de utilizalo estragaríase. Ao cambiar a natureza do material en que están feitos, o xogo de bilros pasa a ser algo diferente.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-Actualidade. Doutorado en Belas Artes.  
Contrato de investigación Uvigo.

2015-2016. Mestrado en arte, creación e investigación. Universidade de Vigo.

2011-2015. Grao en Belas Artes. Universidade de Vigo.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-Actualidade. Contrato predoutoral Uvigo.

2018-2019. Estudo de Fotografía, Villar.

2016. Prácticas en DOMANISES (Cerámica).



@/flora\_intestinal

## Desnudo, juego de bolos





3º PREMIO COMPARTIDO

# María López Quiroga

Lugo




Síntome unha quimera de artista-científica, científica-artista que cos mesmos recursos crea e analiza. Traballei como guía turística, escritora, editora e divulgadora científica en Escocia e Suecia. Estou irremediabilmente namorada da inexorable conexión entre ciencia e arte. Trato de descifrar o mundo a través das cores co gravado; e a través da palabra escribindo. Agora gozo dunha bolsa na Fundación Antonio Gala en Córdoba onde estou traballando na miña primeira novela. Nela exploro o papel do tecer e destecer da memoria, dos recordos e do esquecemento na construción da identidade.



@pululadora



@marialquiroga



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2019. Universidade Complutense de Madrid, Grao en Medicina.

2011-2015. University of Edinburgh, Edimburgo, Escocia, Grao en Neurociencia.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-Actualidade. Fundación Antonio Gala. Narrativa.

## Atlas da xeografía cognitiva





3º PREMIO COMPARTIDO

# Sara Piñeiro Fernández

Santiago de Compostela



Artista graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo e cun mestrado en Dirección de Arte Publicitaria pola mesma universidade. Agora atópome cursando o posgrao de Pintura na Universidade do País Vasco (UPV/EHU) en Bilbao. En 2019 participei como alumna interna no Departamento de Pintura da Universidade de Vigo grazas á bolsa de colaboración cos Departamentos Universitarios.

O meu traballo foi recoñecido en varios certames e premios como o *Premio de Pintura CreArte* (VII e IX edición), Certame de Artes Plásticas Xuventude Crea (2017, 2018, 2019, 2020) ou Novos Valores (2020) e exposto de xeito colectivo en Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela e Bilbao.



@sarapineirof



@sarapineirof



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2020-2021. Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea, Bilbao. Mestrado en Pintura.

2019-2020. Universidade de Vigo, Pontevedra. Mestrado en Dirección de Arte en Publicidade.

2015-2019. Universidade de Vigo, Pontevedra. Grao en Belas Artes.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2014-Actualidade. Ukestra do Medio. Formación musical.

2020. Troquel Games. Prácticas en deseño gráfico.

2019-2020. Bolsa de Colaboración con Departamentos Universitarios. Departamento de Pintura. Universidade de Vigo.

**Pandermia (serie magma, simulacións do corpo ubicuo)**





MENTIÓN DE HONRA

# Lois Anxo Cid García

Xunqueira de Espadañedo



Durante os últimos anos o meu traballo centrouse na análise dos materiais cos que o ser humano transforma o terreo, estudando a súa implicación na creación e modificación da paisaxe contemporánea. A fotografía xoga un papel esencial na miña práctica artística, da que derivan as pezas máis escultóricas.


Participei en exposicións tanto nacionais coma internacionais, en festivais, galerías e espazos de arte coma os Encontros da Imagem (Braga, Portugal), Galería Grosvenor (Manchester, Reino Unido), XPO (Enschede, Países Baixos), Lamosa, Laboratorio Modulable Artístico (Cuenca), Dispara (A Estrada), e no Museo de Fotografía, FOMU (Antuerpia, Bélxica), entre outras.



[loiscid.info](http://loiscid.info)



[@lois\\_cid](https://twitter.com/lois_cid)



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2019-2020. Mestrado en Fotografía, Royal Academy of Arts, Antuerpia.

2015-2019. Grao en Belas Artes, Universidade de Castela-A Mancha, Cuenca.

2012-2014. Ciclo Superior en Fotografía Artística, EASD Antonio Faílde, Ourense.

## Pedra universal



ESPECIALIDADE DE  
**BANDA DESEÑADA**



## PERSOAS PREMIADAS

### **1º Premio**

Miguel Pérez Ramudo

### **2º Premio**

Juan Gras Area

### **3º Premio**

Sergio de Arcos

### **Mención de honra**

André Díaz Cerviño

### **Mención de honra**

Brais Fierro Fuentes

### **Mención de honra**

Cristian Fojón Caruncho

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

M.<sup>a</sup>. José Fernández Laso

Xefa territorial da Consellería de Política Social en Ourense

### **Vogais**

Lía Soto Rodríguez

Isabell Seidel

Jorge Campos Sánchez

Teresa de la Paz Grande Taboada

### **Secretario**

Pablo Fernández Vila




1º PREMIO

# Miguel Pérez Ramudo

Cambados



Son ilustrador e debuxante de banda deseñada. Quero chegar a miña visión dos sentimentos, a escuridade, paisaxes imaxinarias de tranquilidade e refuxio ao maior público posible, introducindoos no meu mundo. Conto o que sinto e penso a través do lapis todo aquilo que non podo expresar con palabras. A miña técnica ao lapis de grafito e o gusto polas texturas como a pedra de granito galega confirenlle á miña obra un carácter autóctono que a fai especialmente orixinal, inédita e produto local afastándose da tradición da banda deseñada americana ou xaponesa e máis preto da europea.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2012-2013. ES A Xunqueira. Bacharelato artístico, Pontevedra.

2014-2018. Universidade de Vigo. Grao en Belas Artes. Pontevedra.

2018-2019. Studio3. Mestrado Animación e ilustración dixital. Valladolid.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-Actualidade. Prácticas mestrado. Deseño de arte para aplicación móbil.

R. Carvalho Calero banda deseñada.


Publicación con Lela edicións.

Encargos particulares. Ilustracións, retratos...



@miguelxmigg

## Joaquín Vaamonde, unha promesa truncada da Xeración Doente (1871-1900)





2º PREMIO


# Juan Gras Area

Marín



Como aspirante a creativo e deseñador gráfico no campo da publicidade, gústame definirme como unha persoa curiosa e reflexiva que sempre trata de facer das actividades do día a día unha aprendizaxe. Influenciado polas artes desde cativo por parte da miña familia, e especialmente dos meus tíos e das miñas tías, o meu achegamento á banda deseñada nace de referentes como Hergé ou Hugo Pratt.

Do mesmo xeito, é imprescindible para min sinalar a importancia da cinematografía na miña vida como a orixe das miñas ganas por contar historias, que combinadas coas miñas experiencias persoais, o lapis e o papel, dan lugar a historias coma a relatada en *Retorno da Habana*.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2013-2017. Universidade de Vigo. Grao en Publicidade e Relacións Públicas.

2020-2021. Universidade de Vigo. Mestrado en Dirección de Arte en Publicidade.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019. Filmoteca Española. Prácticas no departamento de programación.

2019-2020. Revista Mutaciones. Redactor.



@xoangris

## Retorno da Habana



Mentres saía do camarote escoitei falar dalgún tipo de incidente nas caldeiras.

Foi todo moi rápido.





3º PREMIO

# Sergio de Arcos

Ponteareas



Quedei finalista no *Concurso internacional de escolas de banda deseñada e manga 2020*, organizado por Celsys, Inc. na categoría de *Manga baseado en storyboard*, e participei en dúas antoloxías colectivas de banda deseñada, editadas pola Deputación de Pontevedra. Actualmente fago ilustracións por encargo á par que remato a miña formación en *O Garaxe Hermético*. Aspiro a dedicarme á banda deseñada profesionalmente.




@sergio.dearcos



@sergio\_dearcos



@s.dearcos



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2018-Actualidade. Escola profesional de banda deseñada e ilustración *O Garaxe Hermético*, Pontevedra.




## EXPERIENCIA PROFESIONAL

Decembro de 2019 [1ª ed.]. Antoloxía coral de banda deseñada *Infiniteca*, 7º volume da colección Cornelius. Editado pola Deputación de Pontevedra.

Previsto para 2021. 8º volume da colección Cornelius. Editado pola Deputación de Pontevedra.

# Malcriada






## MENCIÓN DE HONRA

# André Díaz Cerviño

A Estrada



Ilustrador e debuxante de banda deseñada, tamén teño colaborado en varios proxectos como *concept artist* e de *storyboard*. A ciencia ficción e a fantasía son as principais influencias presentes no meu traballo, o cal comparto a miúdo nas redes. Actualmente compaxino os estudos con encargos *freelance* de ilustración.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2008-2014. IES Manuel García Barros.

2014-2019. Universidade de Vigo, Pontevedra.  
Grao en Belas Artes.

2020-Actualidade. Mestrado en Profesorado en  
liña para Educación Secundaria (ESO) con  
UNIR.



@grimonomicon

## O sangue da esfinge





## MECIÓN DE HONRA

# Brais Fierro Fuentes

A Coruña



O meu traballo ten, se cadra, un punto ecléctico. Debido en parte á miña formación en deseño gráfico, no meu labor como ilustrador procuro adecuar o resultado gráfico a cadanseu proxecto.

No que respecta ao meu traballo, mestúranse as disciplinas de ilustración e deseño; teño realizado traballos de maquetación e identidade, así como deseños de portadas para libros, un chisco de banda deseñada e outros produtos como portadas de discos musicais.



### FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2018. EASD Pablo Picasso. Ciclo Técnico Superior en Ilustración.



### EXPERIENCIA PROFESIONAL

2017-2018. Demo Editorial. Prácticas no departamento editorial.

2019-Actualidade. *Freelance*.

## Cando a luzada tinxa o ceo



ESPECIALIDADE DE  
**COCIÑA**



## PERSOAS PREMIADAS

### 1º Premio

Shewit Pérez-Izaguirre Martínez

### 2º Premio

Andrea Maseda Prado e Miguel Morán Gueimonde

### 3º Premio

Javier Lojo



## MEMBROS DO XURADO

### Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

### Vogais

Cristóbal Ramírez Gómez

Faustino Batallán Cons

Manuel Gago Mariño

Alejandro Iglesias Vázquez

Roberto Walther Schnellbach

### Secretaria

M.<sup>a</sup> Pilar Lorenzo Vilar



## 1º PREMIO

# Shewit Pérez-Izaguirre Martínez

Vigo




Chámome Shewit, son de Vigo e aos meus 14 anos descubrín a miña paixón pola cociña, en gran parte grazas a miña nai, que foi quen de transmitirme a súa vea cociñeira, a través dos sabores e os cheiros das súas comidas.

Na actualidade, teño orientada a miña educación na dirección da gastronomía. Estou estudando panadaría, repostaría e confeitaría, como parte dunha formación completa na rama da gastronomía. Ao finalizar esta rama doce, continuarei coa parte máis propia da hostalaría e cociña, para acadar unha formación completa neste sector laboral, e se cadra, poder transmitir o meu coñecemento e a miña experiencia a futuras xeracións, exercendo de cociñeira e de mestra de cociña ao mesmo tempo, que é o soño que me propuxen lograr.

E os soños, ás veces, cúmprense. Só hai que perseguilos.



@shewitperez\_



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2018. IES Val Miñor-Nigrán. ESO.

2019-Actualidade. EFA A Cancela, As Neves. Ciclo medio panadaría, repostaría e confeitaría.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019. Pastelería El Molino-Vigo. Prácticas.

## Brisa mariña





## 2º PREMIO

# Andrea Maseda Prado e Miguel Morán Gueimonde

Muimenta




Somos dúas persoas creativas, imaxinativas e un pouco testalanas, para que negalo. A ambas nos gusta viaxar, a natureza, os animais, a música (e os festivais!)... e como non, a cociña. Podemos pasar un día enteiro debatendo quen fai mellor a tortilla de patacas ou soñando co día que teñamos uns coitelos que corten *como Deus manda*. Escollemos esta receita para concursar para poñer en valor que se pode facer un prato vexetariano e igualmente saboroso, elaborado con ingredientes que todas podemos ter a man, incluída a ortiga, pouco usada e valorada na cociña. Ademáis, queríamos incorporar a filloa de Muimenta, pois somos filloiras orgullosas do noso pobo, dun xeito diferente ao que se acostuma a ver, por iso decidimos introducila como un crocante que acompaña perfectamente ao resto da elaboración.



@masedaandrea



@mmmorang



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2011-2015. Universidade da Coruña. Grao en Comunicación Audiovisual (Andrea Maseda Prado).

2010-2018. Universidade da Coruña. Grao en Arquitectura (Miguel Morán Gueimonde).



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021. Bico de Grao - Socia (Andrea Maseda Prado).

2016-2021. Casa Grande de Xanceda - Responsabilidade Social Corporativa e Marketing (Andrea Maseda Prado).

2019-2021. Noumen Arquitectura - Arquitecto (Miguel Morán Gueimonde).


**Crema de ortiga e grelo, aire de rustrido e crocante de filloa de Muimenta**





## 3º PREMIO

# Javier Lojo



Vigo



Javier Lojo (Pontevedra, 1990), dedícome profesionalmente ao marketing e a comunicación corporativa así como á dirección escénica. No 2017 gañei un premio Xuventude Crea coa obra teatral *Cinco mulleres que comen tortilla*, unha oportunidade para que a nosa compañía Señora Supina dese un paso á profesionalización.

Tamén teño dirixido pezas para a compañía Feira do Leste como *Ventás entreabertas* (2018) ou *A incerteza dos sonhos* (2018). No 2016 fun axudante de dirección da coprodución teatral internacional *O mundo persistente* de Fernando Epelde, dirixida por Tito Asorey e coproducida polo Teatro Nacional Dona María II de Lisboa, Teatro Nacional São João de Porto e o Centro Dramático Galego.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2008-2012. Universidade de Burgos. Licenciado en Comunicación Audiovisual.

2012-2017. Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, Vigo. Titulado Superior en Arte Dramática, Especialidade en Dirección de escena e dramaturxia.

2018-2019. Universidade Complutense de Madrid. Mestrado en Márketing Dixital, Social Media e Community Manager.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2018. Feira do Leste. Produción e distribución.

2017-Actualidade. Cía. Señora Supina. Dirección de escena.

2019-Actualidade. La Ceja, Axencia Creativa. Dirección creativa.



<https://www.linkedin.com/in/javier-lojo/>

**Canelón de vieiras e patas de porco celta con bechamel de queixo de tetilla e  
trompetas dos mortos**



EPECIALIDADE DE  
**CREACIÓN DE  
VIDEOXOGOS**



## PERSOAS PREMIADAS

**1º Premio**

Digital Monster Collective

**2º Premio**

María Pita

**3º Premio**

Anzol



## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

### **Vogais**

Luz Castro Pena

Antonio José Seoane Nolasco

Pablo Grandío Portabales

Laksmi Irigoyen Regueiro

### **Secretaria**

Pilar Tamerón Montesinos



1º PREMIO

# Digital Monster Collective

A Coruña



Somos un colectivo multidisciplinar galego centrado na produción de curtametraxes, animación, videoxogos e aplicacións.

Tras pechar a nosa academia (Kraken Academia de Animación Stopmotion), decidimos unirmos á xente de Odal para ampliar o noso abano de produtos e engadir a creación de videoxogos.

Actualmente temos unha liña editorial que nos gusta definir como *cute, weird & fun*, onde se conxugan estéticas adorables, humor bizarro, fantasía e, especialmente, entretemento.


A día de hoxe contamos cun total de catro videoxogos producidos e outros dous en produción: *Odal* e *The Deepest, Gratest and Craziest love story ever*.



@odal\_game



<https://www.digitalmonstercollective.com/>



## FORMACIÓN ACADÉMICA

Xaneiro 2020-Actualidade. Game Designer en Digital Monster Collective.

Setembro 2019-Actualidade. Mestrado en Deseño, desenvolvemento e comercialización de videoxogos.

Xuño 2019. Grao en Comunicación audiovisual, UDC.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

Novembro 2020-Actualidade. Programador en Digital Monster Collective.

Setembro 2019-Actualidade. Mestrado en Deseño, desenvolvemento e comercialización de videoxogos.

Xuño 2019. Grao en Comunicación audiovisual, UDC.

## Odal





2º PREMIO

# María Pita

Vigo



Cruña Invicta xorde como traballo de Fin de Grao de Comunicación Audiovisual coa ilusión de apostar por experimentar con novos formatos, sacarlle proveito a todo o aprendido nos catro anos de estudo e co reto de levar adiante un proxecto desta magnitude.

Mesturamos videoxogo e documental baixo a idea de aprender xogando, dándolle protagonismo a un evento histórico, ao ataque dos ingleses á Coruña en 1589 cando se dá a coñecer María Pita, unha das figuras históricas da cidade. Mentras que o xogo se centra na batalla recreando os escenarios históricos: a cidade, o castelo de San Antón, a torre de Hércules; os documentais a modo de pílulas sitúan o contexto histórico.

Daniela Da Rocha Baptista, Antía Santiso Méndez, Araceli Villanueva Bello e Dafne Míguez Nieto somos as persoas detrás de Cruña Invicta.



[crunainvicta](#)



[crunainvicta.wixsite.com/download](https://crunainvicta.wixsite.com/download)



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2019. Grao de Comunicación Audiovisual na Universidade da Coruña.

2018. III Campus ABANCA.

## Cruña invicta





3º PREMIO

# Anzol

Teo




Carmen e mais eu somos dúas persoas enxeñeiras con intereses en áreas moi variadas. Gústanos vivir e traballar de xeito flexible e aprender de forma activa e continuada. Por iso, adoitamos desenvolver xuntos pequenos proxectos creativos nos que probar cousas novas e que nos serven tamén de exercicio de comunicación e xestión do equipo.

O videoxogo de *Fofo e a pesca do lixo* foi un deses proxectos conxuntos que realizamos nunha etapa na que comezabamos a idear o que é agora o noso proxecto principal (un mercado en liña de servizos de fabricación). Vemos na creación de videoxogos unha oportunidade moi boa para combinar temas que nos motivan e interesan moito: ilustración, educación, estratexia... e neste caso, ata un pouco de física!



<https://alexgaso.itch.io/fofo-e-a-pesca-do-lixo>



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2020. Enxeñeiro de deseño, desenvolvemento e calidade en empresas do sector aeronáutico e eólico.

2020. Co-fundador Anzol Mercado de Fabricación – Responsable de deseño e desenvolvemento.

Fofo e a pesca do lixo

Fofo



e a pesca do lixo

ESPECIALIDADE DE  
**DANZA MODERNA**



## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º Premio</b>	Mera
<b>2º Premio</b>	Grow as Ohana
<b>3º Premio compartido</b>	Estorniños
<b>3º Premio compartido</b>	Sway
<b>Mención de honra</b>	Abraio
<b>Mención de honra</b>	PotenciArte

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

### **Vogais**

Raquel González García

Armando Martén Caballero

Mercedes Suárez Rodríguez

Olga Cristina Ruíz López

Bárbara Piñero Vidal

### **Secretaria**

Carmen Pereiras Pérez





## 1º PREMIO

# Mera


Vigo



O noso grupo Mera naceu a raíz do concurso Xuventude Crea e aínda que somos catro amigos que sempre estamos xuntos nos adestramentos e fóra da escola, representámolo os tres.

Para a mensaxe que queriamos transmitir na coreografía inspirámonos nos sentimentos que vivimos durante a corentena e como afectou a danza, apoiándonos entre nós para saír adiante.

Con isto, queremos reflectir que cando algo che gusta debes loitar por el, aínda que o camiño sexa difícil, non estás só, sempre vas ter a alguén que che axude no que faga falta.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

Xaneiro 2021. Intensivo Danza Contemporánea por Juan Cid.

Decembro 2020. Intensivo Jazz por Toni Espinosa.

Outubro 2020. Participación e premiados no Stage Gerard Collins 2020.

Xullo 2019. Intensivo Danza Contemporánea por Marc Lapuerta.

Decembro 2018. Intensivo Danza Contemporánea por David Guerra.

2010-Actualidade. Pablo, Marta e Saray formáronse na Escola de Danza Media Punta.



[https://youtu.be/2tW8Pn\\_F5IE](https://youtu.be/2tW8Pn_F5IE)

## Litost





## 2º PREMIO

# Grow as Ohana

Nigrán



Todo comezou porque a todos e a todas nos encanta bailar e ademais mantemos unha grande amizade polo que decidimos xuntarnos para traballar en grupo. Así, creamos e iniciamos un proxecto, autodidacta totalmente, co que chegamos a competir nacional e internacionalmente mantendo sempre a esencia da familia que representamos (de aí a palabra *ohana*) en todo momento.

Desde o ano 2013 ata o de agora foron incorporándose persoas ao grupo e pasamos de ser 6 a ser 16 compoñentes. Desde antes dos nosos inicios ata o de agora formámonos como bailaríns e bailarinas ano tras ano en diferentes estilos, pero sobre todo no estilo que máis defendemos e nos representa: o hip hop. Ademais, facemos outras cousas á parte de bailar: imos de viaxe xuntos, xogamos para coñecernos mellor, facemos autocrítica individual e colectiva todos os anos... En definitiva, todo o que nos axuda a unirnos máis como familia e crecer como persoas, como bailarinas e bailaríns.



@grow\_as\_ohana



@grow\_as\_ohana



@groasohana28



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

Durante o ano 2018:

- » Competición no evento *Go hard or go home* en Nottingham (Inglaterra) do que saímos cun 3º posto.
- » 4º posto na competición de Portugal *Porto World Battle*.
- » 2º posto na competición *Marín Hip Hop Weekend* en Marín.
- » 1º posto na competición *Faro Urbano* en Valladolid.
- » Algúns e algunhas presentámonos á battle *Shake what you got de freestyle* na que Dani gaña a final coa súa compañeira doutro grupo na categoría de hip hop, Julián queda semifinalista na categoría *all styles* e Lucía e Nerea chegaron ás semifinais en hip hop.
- » 1º premio ao mellor vestiario na nosa categoría na competición *Switch On*, Madrid.
- » Ao longo deste ano destacamos as seguintes formacións: con Kieran Jam no estilo *lite feet* e con Buddah Stretch en hip hop (é un dos pioneiros deste estilo a nivel mundial).

Durante o ano 2019:

- » 1º posto na competición *Marín Hip Hop Weekend* en Marín.
- » 3º posto no Campionato Galego que se celebrou na Cañiza.
- » 2º posto no trofeo da Cañiza, puntuable para o campionato de España.
- » 1º posto no *Trofeo cidade de Vigo* en Vigo.
- » 1º posto na competición de Tui que clasificaba aos 5 primeiros para ir ao campionato mundial do UDO.
- » 5º posto na competición *Switch On* en Madrid.
- » 3º posto no Campionato de España en Guadalajara.
- » 2º posto na competición *Faro Urbano* en Valladolid.
- » No campionato do mundo Emma quedou na segunda posición na categoría de solos Under 18 Intermediate; Lucía chegou á final das battles de hip hop da categoría Over 18 e Dani coa súa parella proclamouse campión do mundo na categoría Over 18 Intermediate.
- » Algunhas e algúns de nós participamos na batalla *Porrño Street Festival* e Lucía e Nerea chegaron á final de hip hop por parellas.

Durante o ano 2020:

- » 1º posto no *Trofeo Cidade de Vigo* en Vigo.
- » Participamos na competición *February Fitness León* en León con máis de 25 grupos na nosa categoría.
- » Presentámonos ao mundial en modalidade en liña do UDO e o noso grupo foi campión na categoría Over 18 Intermediate.

## Ninjas






## 3º PREMIO COMPARTIDO

# Estorniños

Vigo

 *Cardumen* naceu da nosa inquietude por crear unha peza cunha linguaxe máis contemporánea, intentando esquecer o noso periplo nas danzas urbanas.

Baseándonos no noso futuro inmediato, dúas persoas galegas emigrando a Pamplona e Lisboa, inspirounos o comportamento de determinadas aves e as súas correntes migratorias. Cotovías, alcatraces, estorniños, xiríns, pardais. Todos eles marchan e volven a Galicia segundo a época do ano. Deixándose mover polas correntes de aire e a luz do sol, o cardume está conformado por parellas que cambian as posicións entre líder e seguidor. Un paralelismo entre a migración das persoas galegas e as aves autóctonas que teñen morriña por volver ao niño cando chega o verán.

Tendo iso en mente, as palabras de Uxío Novoneyra en *Paxaros, Galicia, Libertá* xunto cos sons ambientais do artista vigués Da Rocha debuxaron o escenario sonoro perfecto para o imaxinario que tiñamos pensado.

 @marcia\_vr

 @mustafaneca



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

## Marcia Vázquez

Pertencente a diversos grupos de competición en hip hop: Independent Women, Feeling, Work in progress, Webá's Crew. Pertencente ao grupo Beehive que fusionaba música electrónica, voz en directo e danza. Proxecto que levaba movemento urbano aos escenarios, dotándolle valor máis aló da rúa.

Traballos: Tiembla (2016), Who ya callin' a bitch (2017), Ben Raíz (2017). Intérprete en Laboratory (2016) coreografiada por Sandrine Lescourant (Mufasa) no Auditorio Bastidores de Sonho, Porto Intérprete do vídeo danza Just BE (2016) dirixido por Sandrine Lescourant (Mufasa).

Bolseira por Itinerarios Formativos da Rede Acieloabierto. Esta xira dun mes permitíume formarme en Trayectos (Zaragoza), MOU, Corpo(a)Terra(Ourense), e Cuadernos Escénicos (Garachico).

Actualmente alumna da 3ª xeración de La Factoria, Pamplona (Iruña).

## Ignacio García

Bailarín de breaking desde 2009 representa aos grupos Floorplayers (España) e Faneca Attack (Vigo) e imparte clases e talleres por toda a xeografía galega. Tamén formado en HipHop (freestyle) e desde 2018 en Danza Contemporánea.

Creador, intérprete e músico en ENVIVO xunto con Jana Cobas presenta a peza no festival FACYL (Salamanca) e Loop Festival (Oporto) (2019).

Intérprete en SPOTLIGHT da compañía Can Cun Quinqué xunto con Clara Ferrao, Leodán Rodríguez e Isabel Sánchez (2020).

## Cardumen






### 3º PREMIO COMPARTIDO


## Sway

Vigo

 En 2017, Noelia e mais eu comezamos a traballar xuntos a raíz do dúo *Antagónico*. Este achegounos como persoas bailarinas e creadoras e aí empezou a formarse o vínculo de traballo que nos fixo seguir creando. Despois de todo iso seguímonos formando en jazz e en contemporáneo xuntos. Noelia tamén profundizou no mundo do ballet e do jazz musical mentres que eu nutrinme das danzas urbanas. Este ano dedicámonos tamén a formarnos xuntos en *waacking*, un estilo dentro da familia das danzas urbanas no que nos complementamos bastante ben. Nesta obra, *Esnaquizoume*, quixemos tratar as fases da superación da morte dun ser querido a través de elementos marítimos ou galegos, como son a ondaxe, a area e o vento. Esta peza en concreto dedicámoslla a Miriam López, fonte de inspiración desta historia.

 [@noeliaandresoliveira](https://www.instagram.com/noeliaandresoliveira)

 [@alex.awaa](https://www.instagram.com/alex.awaa)



### Noelia Andrés Oliveira



#### EXPERIENCIA PROFESIONAL

2015-Actualidade. Media Punta. Traballo como profesora de jazz.

2019-Actualidade. Coruxo Dance. Traballo como profesora de danza jazz, contemporáneo e hip hop.



### Álex Dios Fiaño

#### FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2019. Universidade de Vigo. Grao en Bioloxía.

2019-Actualidade. Formación Feeling. Hip Hop, Waacking e House.



#### EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-Actualidade. Media Punta. Traballo como profesor de danzas urbanas.

2019-Actualidade. Coruxo Dance. Traballo como profesor de danza jazz, contemporáneo e hip hop.

2020-Actualidade. Ballerina Centro de Danza.

Traballo como profesor de danzas urbanas e contemporáneo.

## Esnaquizoume





MENCIÓN DE HONRA

# Abraio

A Coruña



Abraio xuntouse exclusivamente para formar parte do concurso Xuventude Crea. Somos dúas rapazas e un rapaz da Coruña, amigos desde o 2018. Coñecémonos recibindo clases de baile e competindo en *battles* de *allstyles* na rúa, concretamente no Street Stunts que se estreou ese ano na Coruña.

Os tres estamos moi cómodos creando e improvisando pezas de danza xuntos. Esta foi a primeira vez e prometemos que non será a única. Temos unha relación moi achegada ás artes en xeral. Braian traballa profesionalmente facendo coreografías en varias escolas e encántalle a produción audiovisual. Jaimi é unha artista da arquitectura e da maquillaxe, gústalle transmitir as emocións nas súas creacións e Amara goza co seu traballo manual da Fisioterapia, para ela a súa profesión é arte.



## Abraio





MENCIÓN DE HONRA

# PotenciArte

O Porriño



Somos un grupo de mozos e mozas con diferentes historias de vida pero con dúas cousas en común: o noso amor polo baile e a nosa fe en Xesús. Coñecémonos na Igrexa Evanxélica Unida de Vigo e entendemos que a través da arte podiamos axudar a outras persoas. Por iso, PotenciArte é un grupo de arte que utiliza a música, o teatro e o baile para transmitir mensaxes e valores positivos, educativos e integradores.

A través das nosas creacións buscamos levar unha mensaxe que confronte, anime, sorprenda, faga reflexionar e tomar decisións a aquelas persoas que o ven ao mesmo tempo que gozan connosco.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2017-2021. A maioría das persoas integrantes do grupo PotenciArte adquiriron a súa formación no propio grupo. Ademais das diferentes actuacións, ensaian de forma regular.

Xuño 2019. Representación do espectáculo *É posibel* no CEIP Plurilingüe Da Ribeira, Porriño.

Agosto 2018 e 2019. Invitados como grupo de baile ao Festival Xuvenil Estruendo Galicia.

Agosto 2018, 2019 e 2020. Proxecto animación sociocultural a través do baile, a música e o teatro en contextos de exclusión social en Gran Canaria.

Decembro 2019. Representación do espectáculo *Todos sumamos* no HC San Rafael de Vigo.

Xaneiro 2020. Espectáculo polo Día da Paz no CEIP Plurilingüe Da Ribeira, Porriño.

Febreiro 2020. Actuación no Congreso *Unlimited* en Vigo.



@potenciarteunida

## Puedes



EPECIALIDADE DE  
**DESEÑO DE XOIAS**



## PERSOAS PREMIADAS

### 1º Premio

Sofía Rivas Souto

### 2º Premio

Marcos López Rodríguez

### 3º Premio

Onecimo Betances Gómez

### Mención de honra

Adrián Abal Martínez



## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

### **Vogais**

María Noelia Peña Pérez

José María Mayer Segade

Miguel Rodríguez Bertojo

Elena Fabeiro Castro

### **Secretaria**

M.<sup>a</sup> Pilar Lorenzo Vilar



1º PREMIO

# Sofía Rivas Souto

Ribeira



Son Sofía e estudei xoiaría artística no Mestre Mateo un pouco por azar xa que a miña intención inicial era facer deseño de moda. Aí descubrín que este oficio, a ourivaría, era a miña paixón. Ao rematar, decidín complementar a miña formación facendo os estudos superiores de deseño de moda, os cales xa estou a rematar. Estou intentando montar un taller de xoiaría artesanal en Ribeira para poder dedicarme a iso a tempo completo cando remate os meus estudos. Un dos meus obxectivos é que a xente saiba cal é o proceso de elaboración dunha xoia e revalorizar o traballo artesanal da ourivaría, motivada polo proceso de experimentación dos materiais, materiais e poder combinar tamén o deseño de moda con estoutra disciplina. Xorden así pezas que se afastan do convencional.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2015-2017. EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela. CS Xoiaría Artística.

2017-Actualmente. EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela. EESS Deseño de Moda.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL


2018-2020. A taberna do Capitán Morgan. Camareira.

2017. Susi Gesto Ourive. Prácticas de xoiaría.



@soforivas

## Xénese





2º PREMIO


# Marcos López Rodríguez

O Grove



Eu son un rapaz de 21 anos que encontrou unha paixón no traballo do metal, primeiro pensei que o que me ía gustar máis sería a soldadura e os traballos de caldeiraría. Grazas á miña nai e á Escola Técnica de Xoiaría do Atlántico puíden dar o paso aos metais preciosos. Comecei os meus estudos de xoiaría e neste ciclo toquei outros aspectos como é o engaste e a xemoloxía que me apasiona. Espero poder dedicarme a creación de xoias durante bastantes anos, seguir aprendendo e traballando para coñecerme máis.

As miñas aspiracións son poder crear unha marca con deseños únicos que poida reflectir parte da personalidade da xente consumidora. Con ela pretendería tamén cambiar a visión das persoas para que opten por produtos de mellor calidade e que saiban o que están a comprar.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2019-Actualidade. Ciclo de artes plásticas e deseño, na Escola Técnica de Xoiaría do Atlántico (Vigo).

Actualidade. Curso de xemoloxía na Escola Técnica de Xoiaría do Atlántico (Vigo).

2018. Curso de soldador (AGMA STEEL WORKS) Bueu.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018. Peón de soldador.

2019. Peón de tubeiro.



@fortes4t

## Expedición al Mare Nostrum





3º PREMIO

# Onecimo Betances Gómez

Vigo



Son Onecimo Betances Gómez, teño 22 anos, natural da República Dominicana onde estudaba. Desde moi novo me gustou traballar porque quería depender de min mesmo. Foi cando se me presentou a oportunidade de aprender xoiaría durante un ano para a compañía do meu xefe.

Pasados os anos, puiden reforzar os meus estudos no Centro de Artes Plásticas e Deseño Atlántico situado en Vigo e alí comecei a miña nova etapa como xoieiro, gozando da fermosa cultura galega e formando parte dela.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

Durante o ano 2018-2020:

- » Ciclo de Formación de Grao Medio en Procedementos de Xoiaría Artística, homologado polo Ministerio de Educación. Centro de Artes Plásticas e *Deseño Atlántico*.
- » Diploma de Xemoloxía Comercial, na Escola de Formación do Atlántico.
- » Curso de Xoiaría Artesanal e Artística impartido na Escola Técnica de Xoiaría do Atlántico.
- » Curso de Engaste de xoias e gravado a buril impartido na Escola Técnica de Xoiaría do Atlántico.
- » Deseño e ilustración de xoias, impartido no Centro de Artes Plásticas e Deseño Atlántico.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

Durante o ano 2020:

- » Participación na bolsa Erasmus+ na empresa *Maga Jóias* en Portugal.
- » Creador do cetro para o Certame de beleza Linda e Guapo España.

Durante o ano 2019:

- » Profesor do programa Depoemprende da Deputación de Pontevedra no colexio Covaterraña de Baiona.
- » Finalista na especialidade de Deseño de xoias, do programa Xuventude Crea onde as pezas foron expostas no centro comercial As Cancelas, en Santiago de Compostela
- » Xoias exclusivas para diversos desfiles: no Pazo de Mos e BarroFashion Solidario celebrado no Pazo da Crega.
- » Membro do xurado e realización dun deseño premiado no concurso Dinoseito Joya.

Durante o ano 2018:

- » Participación na pasarela e no concurso de xoiaría e moda *Rías Baixas-Bueu* cunha colección de xoias para a firma de Selmark.
- » Exposicións: *Unha Xoia en Allariz* na Galería María Lazuli e na V Feira de Ensinanzas Artísticas e Profesionais de Vigo.

## Al rescate marino





MENCIÓN DE HONRA

# Adrián Abal Martínez


Meis



O meu primeiro contacto coa artesanía foi hai catro anos, nun taller realizado nun evento musical en Sargadelos no que un rapaz nos deu unhas pequenas guías para realizar unha técnica chamada *wire wrapping*. Nesa clase, dous amigos máis eu interesámonos moito e comezamos a experimentar pola nosa conta co arame. Os tres convertémonos en artesáns pasado un tempo, cada un coa súa estética pero utilizando a mesma técnica que aprendemos. Un ano máis tarde tiven a oportunidade de viaxar a México onde coñecín moita xente do gremio e onde comecei a experimentar con outros materiais como o coral e outras técnicas con arame. Alí vivín diso durante medio ano e foi cando me dei conta de que si se podía vivir do que un fai coas súas mans xa que a xente o apreciaba moito. O pasado ano comencei nunha escola de xoiaría pois quería aprender a traballar outras técnicas como os calados en chapa e a soldar. A día de hoxe estou a cursar o ciclo superior de xoiaría artística na escola Mestre Mateo en Santiago de Compostela.



@1000voltas



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2016. Bacharelato Artístico A xunqueira (Pontevedra).

2020. Curso por horas na Escola Atlántico (Vigo).

2020-2021. Ciclo superior de xoiaría Mestre Mateo (Santiago de Compostela).

## Árbores mariñas





## PERSOAS PREMIADAS

### 1º Premio

Helena Lafuente González

### 2º Premio compartido

Cecilia López Prego

### 2º Premio compartido

Eva Antelo Mata

### 3º Premio compartido

Adrián Vázquez Rodríguez

### 3º Premio compartido

Olaya Rodríguez Pérez

### Mención de honra

Coral Hermo Calvo

### Mención de honra

Sergio Barral Roo

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

### **Vogais**

Xoán Arias Soler

Xoán Álvarez Rey

Emilio Lavandeira Villar

Fernando Blanco Rajo

Sandra Alonso Suárez

### **Secretaria**

M.<sup>a</sup> Belén Pardal García



## 1º PREMIO

# Helena Lafuente González


Bergondo



O meu nome é Helena, teño 24 anos e son de Bergondo. Desde sempre tiven interese na fotografía aínda que a partir dos 15 anos comecei a informarme e a investigar máis sobre como usar cámaras dixitais e analóxicas. Fixen un ciclo de foto aínda que enfocado ao produto e despois comecei deseño gráfico. Desde aquela sempre procuro mesturar fotografía e deseño gráfico. As fotos de lugares esquecidos comezaron por casualidade. Un día que me apetecía facer fotos pero non sabía a que, decidín entrar nunha chacinería abandonada do meu pobo e a partir de aquel momento quedei “enganchada” a facer fotos destes espazos. Para min é como un momento de esquecerse de todo o demais e de crear historias, de como foi aquel lugar ou como se vivía alí. Nestes lugares sempre entro con respecto, sen levarme nin romper nada e sen dicir exactamente onde se encontran para protexelos.



@helenabandoned



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-Actualidade. EASD Pablo Picasso. Grao en Deseño gráfico.

2014-2016. EASD Pablo Picasso. Ciclo Superior de fotografía.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018. Urban Simulations. Traballo como fotógrafa de produto.

2016. Gabigago Fotografía. Prácticas de fotografía.

## O pasado esquecido





## 2º PREMIO COMPARTIDO

# Cecilia López Prego

Oleiros



Arquitecta e mestrado en Arquitectura da Paisaxe (Universidade da Coruña e Universidade de Santiago de Compostela). Durante a miña formación, cursei estudos na Universidade do Minho (Portugal), Universidade Federal de Santa Catarina (Brasil), Universidade das Palmas de Gran Canaria e Universidade de Málaga (España).

Traballei con varios estudos nacionais e internacionais como PROAP en Lisboa, colaborando con David Chipperfield Architects (Shanghai) entre outros estudos de prestixio. En 2018 e 2019 formei parte de The Paul Hogarth Company (Belfast) realizando proxectos de arquitectura da paisaxe, deseño urbano e posta en valor do patrimonio en Reino Unido e Irlanda.

Actualmente continúo a actividade profesional en arquitectura da paisaxe, urbanismo e planificación en Galicia con Urben Consultores, complementada co meu labor de investigadora independente en arquitectura e paisaxe.

Xunto con este premio, gañei varios concursos de fotografía, como o primeiro premio á mellor serie fotográfica do concurso *Viaxarte 10*, e o premio único do concurso do cartel *Semana de la Arquitectura de Málaga 2015*.



@ceci.lia\_\_\_/



[www.linkedin.com/in/cecilia--/](http://www.linkedin.com/in/cecilia--/)



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2017. Mestrado en Arquitectura da Paisaxe. Universidade de Santiago de Compostela e Universidade da Coruña.

2011-2016. Grao en Arquitectura. Universidade da Coruña.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-Actualidade. Urben Consultores. Arquitectura da Paisaxe, Deseño Urbano e Planificación. A Coruña.

2018-2019. The Paul Hogarth Company. Arquitectura da Paisaxe, Deseño Urbano e Planificación. Belfast, Reino Unido.

2018. Freelancer. Proxecto de Restauración do Xardín de San Carlos (Ben de Interese Cultural). Estratexia Integrada de Desenvolvemento Urbano Sostible EidosCoruña. A Coruña.

2018. Freelancer. Proxecto de Rexeneración dos Túneles Lanyon. Belfast, Reino Unido.

2017-2018. Ezcurra e Ouzande Arquitectura. Arquitectura, Restauración e Deseño Urbano. Santiago de Compostela.

2017. PROAP. Arquitectura da Paisaxe, Deseño Urbano e Planificación. Lisboa, Portugal. Colaboracións con David Chipperfield Architects. Shanghai, China.

2017. Estudio MMASA. Arquitectura e Deseño Urbano. A Coruña.


2016. Sarah Penido Arquitectura e Design. Arquitectura. Florianópolis, Brasil.

2015. Pronto 3D. Laboratorio de Prototipado e Novas Tecnoloxías orientadas ao 3D.

Deseño, Modelaxe 3D e Prototipado Dixital. Florianópolis, Brasil.

2015. Arquidois Arquitetos. Arquitectura e Deseño de Mobiliario. Florianópolis, Brasil.

## Nihil timeo





## 2º PREMIO COMPARTIDO

# Eva Antelo Mata

Castriz



Mamá, papá, quero ser artista.

Desas que lles din emerxentes, das que fan cousas que se consideran arte e están en exposicións, galerías, museos, entrevistas e saben pronunciar o peso de cada letra, é dicir, coa boca chea de razón:

son a-r-t-i-s-t-a



### FORMACIÓN ACADÉMICA

2019-2020. Universidade de Málaga. Mestrado en Producción Artística Interdisciplinar.

2015-2019. Universidade de Vigo, Pontevedra. Grao en Belas Artes.

2013-2015. IES Terra do Xallas, Santa Comba. Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía.



### EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-Actualidade. Monitora de ocio e tempo libre en distintos proxectos ocasionais.



@evaantelomata



evaantelo.gal

**Contratempo. Canción triste do nunca habitado nº2**





3º PREMIO COMPARTIDO


# Adrián Vázquez Rodríguez

Lugo



Actualmente alterno a miña fotografía persoal, centrada en temáticas de conflitos sociais, coa colaboración a través das miñas reportaxes con diversos medios e encargos de asociacións para documentar certas realidades. Complemento a miña actividade coa docencia en varios espazos, pois exerzo como docente de fotografía en distintos centros de estudos e na Universidade de Santiago de Compostela.

Teño participado e realizado varias exposicións. Fun finalista e gañei diferentes concursos de fotografía, recentemente o *Galicia en foco* na súa 29 edición.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2019. Fotografía para o medio cultural Viva Lugo.

2020. El Progreso de Lugo.

2021. Fotoxornalista independente.



<https://www.adrapallon.com>

## A outra festa





3º PREMIO COMPARTIDO

# Olaya Rodríguez Pérez

Verín



O meu nome é Olaya Rodríguez e desde sempre tiven inquedanzas artísticas. O meu camiño levoume a estudar ciencias pero decidín darlle un xiro á miña vida. Comecei no mundo da arte interesándome pola música tocando o piano e o violín e posteriormente descubrí a fotografía en profundidade realizando unhas prácticas na Voz de Galicia da Coruña. Pretendo encamiñar o meu traballo cara ao deseño gráfico e dedicarme a realizar os meus proxectos fotográficos persoais e expoñelos en galerías.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2018. Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos EISV.

2019-2021. Fotografía artística Pablo Picasso.  
Grao en Física, Universidade de Santiago de Compostela.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019. La Voz de Galicia, Fotoxornalista.

2018. Meritoria de dirección de Isabel Coixet na película *Elisa e Marcela*.

2017. Editora de vídeos Telemiño.

## A sombra da utopía





MENCIÓN DE HONRA


# Coral Hermo Calvo

Noia



Lembro o primeiro contacto coa arte cando de cativa, con 5 anos, a miña nai me levou a un curso de verán de gravado do Liceo de Noia, sendo o mestre o artista Alfonso Costa. Ata os 17 anos participei nestes cursos e supuxo unha experiencia que me marcaría.

Nestes últimos anos formei as miñas inquiredanzas artísticas en cursos e talleres de arte impartidos no Centro de Arte DOUS por Rosana Calvo, experimentando coa pintura e a fotografía.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2018. Ciclo Superior de Administración e Finanzas.

2019-Actualidade. 3º Curso universidade UNED. Administración e Dirección de Empresas.

## Coleccionista de mundos. Parte I






MENCIÓN DE HONRA

## Sergio Barral Roo

Noia



Nado en Galicia, máis castelán-falante até a adolescencia. Non hai maior apego á terra, aos costumes e á súa xente que ser consciente da fragilidade baixo a que existimos. A miña vontade é comprender, aprehender e espallar aquilo que me rodea, as maneiras de ver e de relacionarse coa natureza, as xentes, o capital e a cosmoloxía desde a nosa posición no territorio galego. Nin eu mesmo me reflicto como galego ao mirarme ao espello, senón como unha potencialidade que procuro riscar constantemente.



### FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2019. USC, Santiago de Compostela. Grao en Historia da Arte.

2019-Actualidade. Universidade Católica Portuguesa, Porto. Mestrado en Cinema.



### EXPERIENCIA PROFESIONAL

2015-Actualidade. Director e editor de vídeo.

2018. Revista dixital A Cuarta Parede. Prácticas universitarias.

## Natureza viva na avoa





## PERSOAS PREMIADAS

### 1º Premio

Javier Caamaño Pérez

### 2º Premio

Adrián Lomba Balea

### 3º Premio

Daniel Fernández Vargas

### Mención de honra

Fercho R. Miguélez



## MEMBROS DO XURADO

### Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

### Vogais

Amabel González Troncoso

Antonio Barbará Fernández (Pow)

Silvia Rodríguez Pena (Sax)

Ramón Conde-Corbal Varela (Mon Devane)

Alonso Antonio de la Cantera Álvarez

### Secretaria

Begoña Rouco Vázquez



1º PREMIO

# Javier Caamaño Pérez

A Coruña



Chámome Javier, aínda que os meus amigos chámanme Siro. Son tatuador e ilustrador e desde hai uns doce anos tamén me gusta pintar muros. Nunca me dediquei profesionalmente ao graffiti, salvo traballos moi puntuais, pero sempre estivo moi presente na miña vida e na de moitas das persoas coas que me relaciono.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2018. Universidade de Barcelona. Grao en Belas Artes.



@siroco\_tattoo

O raposo





## 2º PREMIO

# Adrián Lomba Balea

Vigo



Toda a miña vida vira ao redor do graffiti desde o ano 2004.

Logo de diversas etapas nas que pinteí máis ou menos, tardei en atopar o meu propio estilo.

Intento seguir unha liña que me caracterice, fusiono estilos modernos con antigos xogando cos volumes, as texturas e coa cor, as ornamentacións e cada vez máis fluidez.

Influenciado basicamente polo movemento de Galicia en xeral pero de xeito máis directo polo estilo da miña cidade e por xente que foi referente nela e coa que, a día de hoxe, pinto e da que sigo aprendendo. Outra grande influencia son os demais escritores cos que, de forma habitual, traballo e dos que adquiero novas técnicas e máis versatilidade cada vez que compartimos muro.

...SOLOS CREW, THE TEAM 2021...



## FORMACIÓN ACADÉMICA

Autodidacta.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2004-Actualidade. Graffiti Writer.

## Estilo en continua construcción





## 3º PREMIO

# Daniel Fernández Vargas

Baiona




Son unha persoa autodidacta, agora mesmo pinto murais personalizados e tamén ilustracións por encargo mentres estudo para mellorar. Ademais, tamén estou empezando a tatuar pola miña conta e ao mesmo tempo prepárome para comezar a emprender xa que, a curto prazo, gustaríame sacar a miña propia marca con debuxos no meu estilo e entrar nun estudio de tatuaxe.



@seek.colors



Dani Seek Behance



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2018. Preimpresión dixital.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019. Deseño gráfico - MYR.

2018. Preimpresor - Comunica.

2018. Deseño gráfico - Anónimo Publicidade (Prácticas).

## Entusiasmo luminoso





MENCIÓN DE HONRA

# Fercho R. Miguélez

A Coruña



Fago murais de estética riqüiña, cores pastel e formas suaves, xeralmente engadindo brillos e toques de maxia.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL


Tatúo desde os 18 anos, actualmente nos estudos Zink Tattoos da Coruña e Salvaxe Tattoo de Miño. Tamén vou de visita a traballar unha vez ao ano a Tattoo Hippy Club, un estudio en Dunquerque, Francia, e sempre estou aberta a viaxar e traballar en novos lugares.



@ferchiiito

## Escornabois





## PERSOAS PREMIADAS

### 1º Premio

Ana María Vázquez Fernández

### 2º Premio

Catalina Estévez Reguera

### 3º Premio compartido

Ángel López Pérez

### 3º Premio compartido

Brais Albor Rodríguez



## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

### **Vogais**

Heriberto Otero González

Belén Correa Corredoira

Patricia García Lema

María de Fátima Díez Platas

Paula Montoto Blanco

### **Secretario**

Santiago Aparicio Fernández



## 1º PREMIO

# Ana María Vázquez Fernández

Cambre



Chámome Ana María Vázquez, son arquitecta e estou a rematar os meus estudos de Deseño de moda na Escola de deseño de moda Formarte na Coruña.


A miña inspiración sempre nace de distintas disciplinas artísticas que me inflúen no meu día a día cun estilo que mestura desde aspectos minimalistas e xeométricos ata un estilo romántico. Na miña obra, o deseño maniféstase en todas as escalas, chegando os pequenos detalles e dando valor a pezas únicas polo que é común atopar pezas pintadas a man ou con tecidos creados por min.

Sen dúbida, o que máis me gusta do mundo da moda é o poder de diversión e expresión que ten, o abanico de posibilidades creativas e a cantidade de xente doutras disciplinas coa que traballas, que che enriquecen e achegan dunha maneira increíble.

Que a miña primeira colección fose seleccionada como gañadora do Xuventude Crea na especialidade de Moda, faime verdadeiramente ilusión. Supón un grande impulso a nivel persoal e profesional.



@anaeme.designer



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2012-2018. Grao e mestrado en Arquitectura. ETSAC. Escola Superior de Arquitectura da Coruña.

2018-2021. Grao en Deseño de moda. Formarte. A Coruña.

## Hand(some)





## 2º PREMIO

# Catalina Estévez Reguera

Baiona



Tras 10 anos dedicándome á arquitectura descubrín esta paixón. Poder construír coas túas propias mans pezas que permitan contar unha historia fixo que na miña cabeza apareceran un milleiro de posibilidades.

Din que foi un paso valente aínda que eu o que sinto é unha mestura de medo e ansias de aprender máis sobre o mundo da moda, por outra parte totalmente descoñecido para min ata hai ben pouco.

Grazas ao apoio da miña familia, agora mesmo, o meu empeño está posto en seguir explorando as miñas aptitudes creativas e pode que nun futuro crear a miña propia marca.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2018. Universitat Politècnica de Catalunya, ETSAV, Barcelona. Grao en Arquitectura.

2019-Actualidade. Universidade de Vigo, Pontevedra. Mestrado universitario en Dirección creativa e moda.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2017-2019. Estudio de arquitectura Francisco Estévez.



@catalinette

## Help





## 3º PREMIO COMPARTIDO

# Ángel López Pérez


Marín



Son un creativo galego que traballa con diferentes disciplinas como o deseño, a fotografía e a videocreación. O meu primeiro contacto coa moda e a arte foi de cativo ao medrar rodeado de tecidos no taller da miña tía e ao asistir a clases de pintura durante máis de dez anos.

O meu interese pola fotografía comeza aos nove anos despois de usar a cámara dos meus pais, o que fai que tempo despois me regalen unha propia. Tras anos aprendendo de forma autodidacta, gradúome en Comunicación Audiovisual na USC e é a necesidade de traballar coas mans a que fai que me matricule en Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda da UVigo no que me encontro actualmente realizando o meu traballo fin de mestrado.

Gaño o terceiro premio Xuventude Crea 2019 coa colección The Messengers e o terceiro premio compartido no certame Xuventude Crea 2020 coa colección Notas de Ozu a Yamamoto. O proxecto, confeccionado durante o confinamento, está influído polos mestres xaponeses e caracterízase polo uso de tecidos modestos, liñas limpas, asimetrías, baixos sen rematar e pezas pintadas e tinguidas a man.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2014-2018. USC. Santiago de Compostela. Grao en Comunicación Audiovisual.

2018-Actualidade. UVigo. Pontevedra. Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2017-2018. Atlántico Diario. Prácticas no departamento de fotografía.

2018. La Voz de Galicia. Prácticas no departamento de fotografía.

2019-2020. Universidade de Vigo. Bolsa de formación no departamento audiovisual.

## Notas de Ozu a Yamamoto





## 3º PREMIO COMPARTIDO

# Brais Albor Rodríguez

Santiago de Compostela




Son un mozo de 26 anos curioso, por iso agora decidín comezar un Mestrado en moda de home na Central Saint Martins (Londres) para aprender máis deste mundo. Despois de case 5 anos vivindo e traballando en Milán no sector do cine e teatro, propúxenme emprender estes estudos para ter a posibilidade de crecer no mundo da moda.

Desde moi pequeno a moda foi a miña paixón, e aínda que na miña familia non hai ningunha tradición co sector, é ela a que máis me motiva e axuda a seguir a diante. Os soños poden ser grandes, pero con traballo duro e un pouquiño de ambición, pódese chegar onde te propoñas.



@braisalbor



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2020-Actualidade. Central Saint Martins UAL, Londres, Reino Unido. Mestrado en Deseño de moda (Moda de home).

2015-2016. Accademia di Belle Arti di Brera, Milán, Italia. Erasmus Grao en Deseño de moda.

2012-2017. EASD Mestre Mateo, Santiago de Compostela, A Coruña. Grao en Deseño de moda.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2020. Cada D'Arte Fiore, Milán

2014-2015. Stradivarius, Inditex. Santiago de Compostela. Dependente.

## Colección Solo





## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º Premio compartido</b>	Amorodo
<b>1º Premio compartido</b>	Battosai
<b>2º Premio compartido</b>	Burgas Vandal
<b>2º Premio compartido</b>	Mundo Prestigio
<b>3º Premio compartido</b>	Panic Light
<b>3º Premio compartido</b>	Sara Sístole



## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

### **Vogais**

Francisco Gómez Seijo (Gandy)

Carlos Daniel Landeira Pena

Nonito Pereira Rey

Raquel Seijo Enríquez

### **Secretaria**

Begoña Rouco Vázquez



## 1º PREMIO COMPARTIDO

# Amorodo

Arbo



O meu nome é Xavi e son un mozo de aldea que soña con ser un neno algún día. Gústame crear as ideas que imaxino pero tamén expresarme en contra de todo aquilo que me parece inxusto. Desa esencia naceu a miña poesía, e da miña incapacidade de quedarme quieto naceu a idea de cantar poesía sobre ritmos, algúns coñéceno como RAP (*Rythym and Poetry*). A miña música é para min un vehículo, un transporte de cultura e soños que algún día me levará a viaxar montado nela.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2015-2017. IES Pazo da Mercé, As Neves.  
Bacharelato Científico.

2017-2021. Universidade de Vigo, Pontevedra.  
Grao en Enxeñaría da enerxía.



@amorodoo



[youtube.com/c/amorodo](https://www.youtube.com/c/amorodo)



<https://amorodo.fala.gal>

## Estilo Amorodo | Quero





## 1º PREMIO COMPARTIDO

# Battosai


Ames



Battosai somos tres *millennials* aos que lles gustaría pertencer á Xeración X. Así, cansados de vivir neste mundo en Alta Definición, no 2019 compramos un *Delorean* na *deep web* co obxectivo de viaxar ao pasado para recuperar a música da nosa infancia. Mergullámonos no rock alternativo dos anos 90, así como o *grunge* e o *emo*, pero desde un prisma máis actual. Unha boa dose de muros de guitarras que dan pé a melodías pegadizas con letras de carácter existencial. Tamén queremos recuperar as casetes, as televisións de tubo, as camisetas de béisbol, as series xaponesas, os VHS, as camisas de franela, a Nintendo 64... En definitiva, recuperar as nosas raíces noventaíras.

📷 @battosai

📺 @battosai.sdc



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

Agosto 2020. Concerto no *Música na Rúa* (Bertamiráns).

Decembro 2019. Concerto na Krazy Kray (Cambados).

Febreiro 2019. Gravación do single *Cuánto Tiempo* en Pouland Studios (Ames).

**Cuánto tiempo | Deixa xa de molestar**






## 2º PREMIO COMPARTIDO

# Burgas Vandal

Ourense



De pai portugués e nai galega, son un artista que se basea nas súas influencias do hip hop e a música latina para crear as miñas obras. Gravo, mesturo e autoedito os meus traballos audiovisuais. Conto coa axuda incondicional dos meus amigos da infancia, que sen dúbida forman a redor de min un pequeno equipo de traballo do que pouco a pouco imos recollendo os nosos frutos. Pretendemos medrar no noso xénero musical e como persoas xa que no camiño non paramos de atopar todo tipo de situacións coas que sempre aprendemos algo. Burgas Vandal non é so un proxecto persoal ou musical, é un concepto completo co que narramos as nosas experiencias, sexa na rúa, no amor ou nas nosas vivencias máis escuras. Sempre tentando coidar a personalidade do persoaxe.

[@burgas\\_vandal](#)<https://youtube.com/burgasvandal>

## FORMACIÓN ACADÉMICA

2016. Graduado en ESO.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2015-2017. Quevedos S.L. Loxística. Mozo de almacén.

2019-2020. Telepizza. Repartidor.

2016- Actualidade. Sky Mirror Media. Traballo audiovisual (mestura, mástering e edición de vídeo).

**Inimigo | Te echo de menos**






2º PREMIO COMPARTIDO

# Mundo Prestigio

Vigo



Batería, baixo e teclado rompen relacións coa guitarra e póñense a disposición dos samplers na procura de aire fresco, veña este por onde veña. Mundo Prestigio é unha festa na que están convidados o pop, o Hip-Hop, Isaac Hayes e Badbadnotgood, na que o importante é e será sempre pasalo moi ben.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

Abril 2019. Melona Fest.

Setembro 2019. Festiva Sinsal.

Agosto 2019. Festoal Noroeste.

Outubro 2019. Festival Curtocircuíto.

Xaneiro 2020. Festival Esmorga (presentación).

Novembro 2020. Festival Monkey Week.

Novembro 2020. Cormorán Cinema.



@mundoprestigio

## Mundo nuno | Quen quere falar





3º PREMIO COMPARTIDO

# Panic Light

Vigo



Panic Light é unha proposta de música urbana que mestura elementos da música actual cunha base acústica e pinceladas de *world music* e voz R&B, escribindo os seus temas propios en diversas linguas ao máis puro estilo Mano Negra.

Xurdido no medio da pandemia e composto por membros con ampla experiencia en todo tipo de grupos, Panic Light dedícase actualmente á composición para poder ofrecer directos cheos de enerxía tan pronto como sexa posible.



@paniclightmusic



<https://youtube.com/PanicLight>



@panic.light.music



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

Novembro de 2020. Terceiro premio compartido no programa Xuventude Crea 2020.

As que nunca calaron | Burn it higher






## 3º PREMIO COMPARTIDO

# Sara Sístole

A Coruña



Sara Sístole é unha cantautora galega que vive en Madrid desde hai cinco anos co obxectivo de traballar no seu proxecto musical mentres estuda a carreira de Historia e Ciencias da Música na UAM. Actuou nalgunhas das salas destinadas á canción de autor da capital. Tamén en diversos eventos culturais como o pasado Erató Fest, o cal lle permitiu dar un concerto na emblemática casa de Paco de Lucía (Toledo). A finais de 2019 sacou o seu primeiro EP profesional baixo o nome de 'Alma', dispoñible en todas as plataformas dixitais desde entón. Actualmente, co apoio de Roxe a Banda (management e booking), atópase en proceso de gravar o seu novo EP titulado *Recentemente saída do mar* cuxo son e temática será distinto a todo o previo que mostrou a artista, con trazos costumistas da música folclórica galega e moitas referencias a paisaxes e espazos abertos.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2021. Universidade Autónoma de Madrid.  
Grao en Historia e Ciencias da Música e  
Tecnoloxía Musical.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2021. Diversos concertos en salas da capital e festivais.



@sarasistole

Lume | Deberíamos matarnos



ESPECIALIDADE DE  
**NOVELA CURTA**



## PERSOAS PREMIADAS

### 1º Premio

Adrián Gómez Ramos

### 2º Premio

Orde Caos

### 3º Premio

Alba Ermida Area

### Mención de honra

Andrea Ladrón de Guevara Jato



## MEMBROS DO XURADO

### Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

### Vogais

Elena Gallego Abad

Armando Requeixo Cuba

Ramón Domínguez Veiga

Tamara Novoa Alonso

### Secretaria

M.<sup>a</sup> del Pilar Vilariño Pereira



1º PREMIO

# Adrián Gómez Ramos

Rianxo



Son unha persoa á que sempre lle gustou a arte en xeral, de aí que formase parte durante sete anos do grupo de teatro Criaturas de Rianxo e fíxese todo o posible por realizar unhas prácticas no Centro Galego de Arte Contemporánea.

Dentro deste interese na arte sempre destacou a escritura, xa que sempre recordo ter algún libro entre mans no meu tempo libre. Xa desde pequeno facía pequenos intentos de escribir contos pero non foi ata os vinte anos que vin realmente a narrativa como algo ao que quería dedicarme o resto da miña vida.

Ademais da lectura, a miña outra gran fonte de entretemento é a tecnoloxía, ben sexa remexendo nun ordenador ou perdéndome dentro da historia dun videoxogo.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2019-Actualidade. IES Leliadoura, Ribeira.  
Ciclo Superior de Administración de redes informáticas.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018. Axóuxere S.L. Monitor de campamento urbano.

## Cando sangren os lobos

[...]

O inspector Fernán Malvís deixou caer os restos do que fora o seu cigarro ó chan e pisouno cun ademán cansado mentres Ana Xil, a súa compañeira, o fulminaba ca mirada. Nunca soportara a mala costume de Fernán de tirar as cabichas en calquera lado, pero nese momento non se atreveu a dicir nada. Ela mesma, que xa tiña presenciado unha cantidade considerable de cousas desagradables por mor do seu oficio, tiña o estómago revoltado ante a cruel visión que ofrecía o parque Eugenio Granell aquela mañá.

Tirado no chan, como si se tratase de un boneco, había un xove co rostro contraído nunha perpetua expresión de pánico. Un dos seus brazos alzábase por riba do torso, retorcido nunha posición imposible que fixo que o pelo da caluga de Fernán se puxese tenso e tirante. Aínda así, esa non era a peor parte, pois a metade inferior do corpo estaba completamente esnaquizada, cuberta de marcas de dentes e ca notable falta de carne sobre algunhas partes do óso, que quedaba ó descuberto.

A desafortunada que encontrou o corpo fora unha moza nova, unha estudante da universidade que se erguera cedo para saír a correr. Neses momentos encontraríase xa no hospital mentres trataban de calmala para poder tomarlle a declaración.

O resto do equipo enviado parecía completamente perdido, xa que todo apuntaba a que o terrible ataque tiña que ser cousa dun animal salvaxe; aínda que ningún conseguira explicarse que animal podía chegar ata alí e armar semellante carnicería.

Non obstante, Fernán Malvís non precisaba máis que o que tiña ante os seus ollos para saber o que ocorrera. Non podía contarlle a ninguén, xa que acabaría nun manicomio antes de que se puxese o sol, pero o que provocara aquilo non podía ser outra cousa que un lobishome. As marcas das dentadas coincidían perfectamente cas que provocaba aquela criatura e, polo aspecto horrorizado da vítima, o que o atacou era algo dun aspecto terrible.

Había un motivo polo que o inspector Malvís estaba tan seguro da natureza do asasino; el mesmo estaría a se a retorcer de dor en canto a lúa chea asomase pola noite. Aquela repugnante herdanza que lle deixara a súa familia paterna... Dende o día que chegou ó mundo, con cada lúa chea víase obrigado a recluírse onde ninguén puidese achegarse e sufrir aquela transformación que tanto aborrecía.

O que nin el mesmo sabía con certeza era que levara a un lobishome a atacar a noite previa á lúa. Non a precisaban para cambiar de forma, pero era o que os facía perder o control sobre si mesmos. Significaba eso que o asasino atacara con aquela voracidade sendo plenamente consciente do que facía?

[...]




2º PREMIO

## Orde Caos



Escritor, escultor, tatuador, debuxante e muralista, terminou a súa primeira novela aos vinte e catro anos durante unha viaxe por Romanía e o centro de Europa. Desde entón, autopublicou cinco dos seus libros, algúns dos cales están pendentes de reedición. Expuxo a súa obra pictórica e escultórica en varias exposicións e actualmente áchase inmerso nun proxecto de temática de terror no que combina as súas distintas facetas.



## Na porta

[...]

Saúl espertou cedo aquela mañá, aínda non eran as sete en punto cando a súa vexiga comezou a facer movementos peristálticos.

Levantouse, púxose uns calcetíns gordos de la, e logo embutiu os pés nunhas alpargatas grises, peludas e desfeitas, ás que lle facían falta polo menos dez lavados. As hebras que as compoñían, ás alpargatas, estaban cheas de peluxes, e as peluxes cheas de bólas, e as bólas cheas de múltiples substancias en descomposición descoñecidas para a especie humana.

Saúl cumprira trinta e dous en xullo daquel mesmo ano. O seu bandullo e a súa alopecia corroborábano. Considerábase a si mesmo un home de verán, pero non só por nacer nesa estación, senón porque adoraba a calor e os paseos xunto ao río baixo a plácida luz do astro. En fin, gozar do aire libre.

O inverno sumíao nunha especie de letargo que detestaba.

Aquela mañá en concreto era especialmente invernal, a néboa era o suficiente densa como para impedirle ver o edificio de en fronte e por entre a mesma, a néboa, adivinábanse os grosos flocos dunha nevada.

Dadas as condicións climatolóxicas o vigoroso estado de ánimo de Saúl aquela mañá era como pouco extraordinario.

A cidade na que vivía cos seus pais era a capital dun país demasiado frío para a condición física e psíquica do *home*, por iso soñaba con marcharse lonxe de alí en canto puidese; aquela era a súa meta, desde neno, marchar con vento fresco na busca dun país cálido.

Saúl tiña trinta e dous anos e seguía vivindo cos seus pais.

Pasara a noite nun ruxe ruxe intranquilo alternado con curtos períodos de sono infestados de pesadelos. Neses intres de tensión onírica, os seus pais convertíanse en monstruosas criaturas extraterrestres e mutantes que lle impedían saír da casa familiar. Agarrábano, a Saúl, con interminables dedos rematados en penes e absorbíanlo como plantas carnívoras a medio camiño da metamorfose en inmensas vulvas babosas.

Espertouse amnésico das últimas catro horas, aínda que sufrindo as terribles consecuencias fisiolóxicas dos pesadelos, suores, tremores e un forte proído nos antebrazos e as canelas.


Estaba decidido a cumprir os seus soños e abandonar aquela casa para sempre.

[...]



## 3º PREMIO

# Alba Ermida Area



Poio



E ti de quen vés sendo? Da vida, que me foi levando e da que fun aprendendo. Por iso son moitas cousas: persoa, rapaza, escritora, música, loitadora, empática, curiosa. Vivir en varios lugares servíume para saber que cando me preguntan: E ti que fas? teño que contestar: Vivir. Sempre me considerei antes que nada galega, pero veño de vivir máis dun lustro en Bos Aires e iso deixoume unha pegada profunda, no ser, no sentir. E sobre todo no facer e pensar a arte.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2020-Actualidade. Universidade de Vigo, Pontevedra. Mestrado en profesorado.

2018-2019. Instrutorado de ioga do Goberno da Cidade de Bos Aires.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2015-Actualidade. Docente de ioga. Bos Aires e Pontevedra.

2016-Actualidade. Fundadora e cantante-clarinetista-compositora do dúo de música Bardo Enxebre.

2018-2019. Música na Compañía La silla espontánea. Bos Aires.

## Co desexo nos ollos

Eu tiña once anos cando entrei a servir na que sería para min a casa onde me criei, a casa de máis renome de Pontevedra. Moito carto había alí, sobre todo nos primeiros anos, logo xa viñeron a menos, pero ó principio había catro chicas a traballar: Ama, que se chamaba Teresa pero nós diciámoslle así porque era a ama de cría, Gelines, a cociñeira, que cos anos acabou marchando e xa me pasaron a min, que empecei coidando os nenos, ós fogóns, e Carme, que facía todo o resto. Ademais tiñan unha señora que lles ía busca-la roupa branca para lavar e para pasarlle o ferro, un xardineiro que viña unha vez á semana e unha costureira que lle facía a roupiña dos nenos. Nós, as chicas, as que viviamos alí, mal que mal íamos facendo de todo. Menos Ama, ela era a que máis tempo levaba na casa e tiña privilexios, claro que o seu traballo, pobre muller, renunciou ós seus para cria-los dos outros. Ela tivo dous fillos de seu, moi seguidiños, así é que aproveitou que tiña leite abondo para entrar no hospicio a traballar, dáballes de mamar ós meniños que abandonaban alí. Despois xa entrou a traballar na casa do irmán do meu señor, que vivía arriba. Once fillos tivo ese home, once, e cando a miña señora empezou a te-los seus, ía alternando, subía ó andar de arriba e baixaba ó de abaixo, aleitando nenos que non eran seus. Once de don Miguel máis sete da nosa casa máis os dous seus, vinte boquiñas chuparon dela. Ama viviu alí ata que foi velliña, o señor queríaa moito, por iso a deixou quedar. Cando a veu buscar un dos seus fillos, o que vivía en Madrid, ela tería xa ben pasados os setenta, o señor non se puido despedir dela, meteuse no cuarto e agardou ata a cea para saír. Pobre Ama, desfrutou dos seus fillos cando xa pasaba dos setenta. Pero ela sempre dicía que os dos señores eran máis fillos aínda que os seus propios. Como non ían ser se os criou do seu leite, da súa man.

O noso señor era moi bo e a señora, un cacho de pan. Na casa dos meus señores os pais falaban cos fillos e os señores falaban con nós. Para min ela foi a nai que me morreu. Criáronme case coma a filla que lles tardou tanto en chegar. Todo homes, catro, cinco, seis, e a sétima, muller. Que alegría se viviu naquela casa, ademais daquela non se sabía que sexo era ata o momento de nacer. A cariña da señora pasando da dor á alegría nun xesto rapidísimo, e así lle quedou, La niña. Cando eu entrei tiña once anos, case podía se-la súa filla, claro que a min non me deron estudos, nin comía con eles á mesa, pero con once aniños supoño que lles daba tanta pena que me trataban con coidado, sobre todo ela. Lembro unha vez que me puxen enferma, xa non sei se era a gorxa ou tiña gripe, o caso é que me habían de poñer unha inxección. O señor era farmacéutico, facía medicamentos nun laboratorio que tiña no centro da vila. Chegoume aquel día cunha xeringa e díxome que ma tiña que pinchar no cu. Eu debínme poñer colorada colorada colorada que a señora se deu conta e tratou de tranquilizarme. As súas palabras sentáronme coma un alumiño de nai, mais no nervio non me fixeron efecto ningún.

[...]




MENCIÓN DE HONRA

# Andrea Ladrón de Guevara Jato

Mugardos



Son unha persoa inquieta. Sempre me gustou ler e enfrascábame nos libros máis do que os meus pais me dicían. Co tempo, pasei de vivir as historias a contalas. Empecei a escribir relatos curtos de diferentes temáticas e polo medio empecei a sentir curiosidade por outras disciplinas. Probei no teatro e no canto. Aínda hoxe son cousas que me gusta facer. Chámame a atención a cultura e o coñecemento. Por iso, se teño a oportunidade de aprender, non a deixo escapar.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2020-Actualidade. Rodolfo Ucha Piñeiro, Ferrol.  
Grao Medio en Sistemas Microinformáticos e Redes.

2013-2015. Arce, Bilbao. Grao Superior de Estética Integral E Benestar.

2010-2012. Ies San Adrián Bhi, Bilbao.  
Bacharelato de CCSS.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2020. La Gavia Asesores S.L, Técnica de depilación láser.

2019. Mediterránea Merch, promotora.

2018-2019. Expertus CPM, promotora.

## A prosperidade. Unha historia de Emmanuella

—Bó día. Falo coa señora Mendoza?

—Sí. Quén é?

—Chamo do Concello. Da área de urbanismo. Non é certo que é vostede a dona da finca que consta no catastro có número dous millones trescentos oitenta mil douscentos vinteún?

—Perdón?

—Vostede tén unha finca, verdade?

—Sí. Pero non sei si se está a referir á minha con ese número.

—Dígame, sabe a dirección?

—Por suposto.

—Estrada comarcal número cinco, finca trece?

—A mesma.

—Perfecto. Póñome en contacto con vostede porque observamos que ten a nave en malas condición.

—E que quere que eu lle faga? Se a xente non me deu tempo nin a recoller. Nunha noite roubáronme todo. Ata o cobre dos cables! Como ía eu a vender algo nesas condicións?

—Debía de denunciar no seu momento.

—Para que? Quede tan desgustada que non quixen saber nada máis.

—Xa. Sabe vostede que está na obrigación de manter en bo estado os seus bens? Se alguén entra e accídéntase a responsabilidade será súa.

—E que máis?! Ademais de que entran a facer maldades, se se abren a cabeza vai ser a miña culpa.

—É así a lei, señora Mendoza.

—Pois dáme igual a lei. En todos estes anos nunca pasou nada.

—Tivo moita sorte, entón.

—Veña, se non vai dicirme algo de interese cólgolle.

—Non, espere. O motivo da chamada é porque queremos comprarlle a leira.

—A estas alturas?

—Si. Temos un proxecto moi ambicioso. Pero necesitamos un lugar o suficientemente extenso. E vostede teno. Como o ten en desuso, desde o departamento pensamos que poderíamos comprarllo.

[...]





## PERSOAS PREMIADAS

**1º Premio**

Ciro Briones

**2º Premio**

Alba Ermida Area

**3º Premio**

Ismael Ramos Castelo



## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

### **Vogais**

Guadalupe Gómez Arto

Luis Rodríguez Tosar

Xosé Luna Sanmartín

Víctor Manuel Furelos Guillén

### **Secretaria**

Pilar Tamerón Montesinos




## 1º PREMIO

# Ciro Briones

Pobra do Caramiñal



Nacín na terra e crecín sempre á beira do seu mar. Tiven a sorte de medrar nunha familia que me deixou bañarme espido desde pequeno e correr sen hora tralos paxaros. Tamén camiñei entre as silveiras e pasei frío nos invernos. Pasou tempo e no camiño descubrín algunhas cores novas, todas particulares. Agora sigo na procura e ás veces xogo cos versos para non perder entre as engrenaxes da memoria a vida que escorrega.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2012-2014. IES Pobra, Pobra do Caramiñal.  
Bacharelato científico.

2014-2016. IES Lamas de Abade, Santiago de Compostela. Ciclo superior en Saúde Ambiental.

2016-2020. Universidade de Vigo, Pontevedra.  
Grao en Educación Primaria.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2017-2020. Café-bar London (Pobra do Caramiñal). Camareiro.

2019-2020. CEP Marcos da Portela (Pontevedra).  
Prácticas en Educación Primaria.

2021-Actualidade. Uniwersytet Opolski (Polonia).  
Prácticas no departamento de ciencias sociais.

## A bóveda do ceo

*Os meus ollos consintindo unha traizón ó meu duro e  
nostálxico cinismo*

*-Lois Pereiro-*

*Que flores son da cor do corazón?*

Os demos arriscando o inferno pra levarme  
os beizos entrelazados reiterando a resistencia  
arrincando os sales do meu corpo

cada un dos impactos ao queimarme  
os medos agochados entre as rochas  
os anxos vixiando ao ser tristeiro.

Eu prendido nas fragas do estío  
como cos ollos pechados entre os intres  
baixo as pálpebras mareas, a físgoa pra mirar

eslamiado o meu corpo sobre o mar  
debullando as nubes na solada  
coma un neno que se esquece de chorar.

### *Tecidos*

Os quilómetros de bágoas que non puiden conter  
a cidade que tecía arredor das contidas  
pra que o camiño fose amábel  
sobre as rúas da cidade  
baixo o teito deste conto  
construído sobre o mar.

### *Fíos*

*Comprendemos así que as alturas existen para bisbarnos  
que todo é á vez táctil e inapreixable, que todas as loitas  
se reconcilian no mesmo significado.*

*-Tamara Andrés-*

Cinco andoriñas rañan os ceos / as arelas suxeitas nos luceiros  
o que mira engaiolado / no mirar do empardecer

o vento compasivo no ventar / un fío entre os tecidos do seu  
peito cada pulsación, a pausa do camiñante / nas botas noxentas  
a calor ferverdo ballón, tornándose alegre / o sangue movéndose  
paseniño no sorriso e nos dexesos / de saborear o son do mar.

### *Dancing Feathers*

Préndense coma mistos na eternidade  
os grans salgados coma sementes que coidar sempre presentes,  
os peligros ao nacer  
os pétalos soportando a treboada  
cada vez máis silenciosa, a dose de ataraxia unha ondada  
agarimosa seducindo á tempestade

pousadas na traxedia, as cores dun poema córrese o pano,  
entre bágoas un aplauso  
antes do intre entre dous mundos  
as pálpebras rendéndose, a luzada imparabile  
que se mostra nun segundo e nun suspiro.

Un pasiño cara a porta que non cede  
unha chave equivocada, a forma deformada  
as imaxes diluíndose no torrente da fervenza  
o inalcanzable sabor do mar tan preto da verdade

o cheiro vizoso esvaecido / sobre o soño de esquecer as bágoas  
outro segundo, case un salouco / camiñar sobre a beirrarúa  
sen cordura cos zapatos ben atados pra suxeitarme do cantil  
saltarei outro día, cando me lembre de escribir.

### *Piares*

*Los ojos son las únicas manos que nos van quedando*

*-Julio Cortázar-*

*¿Quién soporta el peso de esta bóveda?*

1.

As pálpebras pesando toneladas  
os medos en coiros, a persiana baixada  
debuxando os bosquejos da túa pel  
ante as cordas dun piano testemuña

o corpo canso cedente ás caricias  
cada dedo da túa man condenándome a vivir  
o íterim suicida entre dous latexos  
máis no fondo, anhelos de ser ceive  
entre a fraga no serán e a serra con ciobra

os ombreiros cedendo á gravidade  
eu Eurídice ao mirarte, ti de fronte e insurxente  
o eterno silencio na pulsión de non soltarnos

os soños de loitar revelándose nas vixilias  
na aperta que me concedes, o último suspiro da caída  
unha rosa afundida, no arrepío de atoparse mar adentro

navegar á toa sobre o mundo derruíndose  
outra vez o último hálito antes da deriva  
na solada e no solpor, o silencio dos teus ollos  
acolléndome na derrota de vivir a rumbo.

2.

A fervenza taciturna debuxando cada trazo  
dos teus lunares e das perseidas agochadas no xardín  
tan fugaces os teus beizos nas miñas costas  
outra vez, os nosos corpos vencidos na solada

unha caída / outra vez caer  
na vertixe clandestina  
unha vez máis sobre as alturas  
por última vez, sempre arriscar.

Déixame bater contra a ventá cando non vexa  
recolle os litros de sangue salgada se me manco  
bícame nos olliños tristesiros cos teus beizos exeos s  
inálame no mapa cada recuncho de revolta  
bailemos un valse sobre o último pentagrama  
o leitmotiv de nos mirar, lembrando as primaveras  
vencidos na miseria, mañá plantaremos flores.

### *Cristal*

As portas do paraíso tan preto do inframundo  
chegar tarde pra apañar as moras do verán  
os lirios enxoitos ao pé da lápida  
noutro nicho, as flores eternizando o artificial  
nas letras talladas as enrugas da súa pel

o esquecemento persistente no presente  
inacabada e inalcanzable, a despedida  
en cada pétalo, as bágoas derramadas noutro mar  
outro salouco diluíndose no tempo e na distancia  
ao carón do vento quente, un arrepío incontrolable  
a última aperta, no tacto da pedra fría.

### **Había flores nalgures?**

Esquecín as bágoas límpidas nun segundo  
o último milenio lembrando ás deidades  
a rocha máis pesada sen regar  
as dores dalgún tempo, entre as cinzas

os pétalos asollados até a morte  
os escritos de *profundis* afundidos  
o mergullador espido non mergulla  
esqueceuse por un intre de sufrir.


*Después de no verme desde hace mucho, casi me olvido  
de que soy humana, me olvido de mi pasado y tengo la  
misma libertad de fin y de conciencia de una cosa solo  
viva.*

*-Clarice Lispector-*



## 2º PREMIO

# Alba Ermida Area



Poio



E ti de quen vés sendo? Da vida, que me foi levando e da que fun aprendendo. Por iso son moitas cousas: persoa, rapaza, escritora, música, loitadora, empática, curiosa. Vivir en varios lugares servíume para saber que cando me preguntan *e ti que fas* teño que contestar *vivir*. Sempre me considerei antes que nada galega, pero veño de vivir máis dun lustro en Bos Aires e iso deixoume unha pegada profunda, no ser, no sentir. E sobre todo no facer e pensar a arte.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2020-Actualidade. Universidade de Vigo, Pontevedra. Mestrado en profesorado.

2018-2019. Instrutorado de ioga do Goberno da Cidade de Bos Aires.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2015-Actualidade. Docente de ioga. Bos Aires e Pontevedra.

2016-Actualidade. Fundadora e cantante-clarinetista-compositora do dúo de música Bardo Enxebre.

2018-2019. Música na Compañía La silla espontánea. Bos Aires.

## Bechiños

### *Bubela*

Paleta esquecida do pintor feroz,  
fíbula que prende a túnica do bosque,  
dama dos prados, suspiro do solpor.

Peteiro longo coma sombra de chopo,  
ás torneadas en angazos de sol,  
chal que te cobre de noite e de día,  
crista que te enfeita, muxicas de carbón.

Cos ollos pechados canta-lo teu canto:  
un soprar doce en oco de carballo,  
un chamar suave de doncela da fraga,  
un susto contido de dona emplumada.

Bubela, bela, ela, eco da túa cantarela.  
Bubela, bela, ela, na cabeza unha estrela.

### *Bolboretas*

Onde van as bolboretas cando venta?  
Onde se refuxian eses fráxiles papaventos  
cando medran as treboadas?

Morrerán coa tranquilidade de que a súa  
filla, corazón latente da crisálida,  
nacerá cando escampe?  
Terán sequera conciencia de seren nais e teren fillas?

Ou haberá un abeiro invisible ós seres humanos  
onde se agochan os animais en tempos difíciles?  
Unha espenuca ateigada de xoaniñas, colibrís e esquíos  
aproveitando a tempestade para falar de nós?

E se os animais todos do mundo  
están tratando de salvarnos como especie?

Xeneroso demais para a comprensión humana.  
Namentres, estas pingas fanme entrar ó acubillo da casa.

### *Vagalumes*

Oxalá os lumes que incendian a noite fosen sempre así:  
vagos, fugaces, pequenos, máxicos.

Sobre as herbas altas do campo do lado,  
entre o lusco e fusco da paisaxe pampeira;  
no horizonte roibéns, sibilas do bo tempo que virá;  
no aire o croar acolchado dos sapos,  
o repenique continuo das pandeiretas carricantas,  
a calor preguiceira dunha tarde de verán;  
alí están.

Coma estrelas fugacísimas,  
coma muxicas sen cacharela,  
coma o chiscar sedutor da noite que avanza,  
alí están.

E cando se apaga o rosado do ceo  
e se esvaen os roibéns  
e aparecen as estrelas, presumidas,  
brillando con máis forza canto máis negra se fai a noite,  
eles xúntanse.  
Xúntanse e sepáranse,  
coma as doas dun colar sen fío.

E en cadenciosa coreografía  
van lucindo os seus cus,  
deixando para a nosa imaxinación  
o deleite de bosquexar unha xoia  
-tesouro da noite-  
escintilante por momentos,  
grande coma o cacho do mundo  
onde a luz do home non chega.

### *Colibrí*

Veloz, iridescente, silandeiro, vibrante.

Cobizoso da súa beleza,

da súa escaseza,

da súa soidade.

Quizais só tímido.

Chega, chucha, marcha.

Regalo para a pupila o seu voo,

rápido, titilante, zoador.

Hoxe atreveuse: tentouno o xasmín

-onde andarán cando non é primavera?-

o seu aroma, o seu néctar.

Floriña por floriña foi metendo o peteiro

en voo lixeiro, escintilante, estático.

O seu verde, que son moitos,

en xogo de arco da vella

-violetas, azuis, dourados-,

camuflábao entre as follas

da mesta matogueira.

Regaloume a súa presenza

fugaz, tremeluciente, máxica,

-para min, que nacín nun hemisferio

onde estes paxariños de canto mudo

son só luxuria de poetas meridionais.

Mais antes de libar da flor cen

cambiou o seu voo inmóbil,

encamiñouse ó ceo

ata, de tan pequeniño,


desaparecer da miña pupila.

Quizais por tímido.



3º PREMIO

# Ismael Ramos Castelo



Noia



Nacín en abril de 1994 en Mazaricos. Publiquei os libros de poemas *Os fillos da fame* (Xerais, 2016) e *Lumes* (Apiario, 2017).



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2012-2016. Universidade de Santiago de Compostela. Grao en Lingua e Literatura Españolas.

2016-2017. Universidade de Santiago de Compostela. Mestrado Universitario en Estudos da Literatura e da Cultura.

2017-2020. Universidade de Santiago de Compostela. Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2017-2019. Editorial Galaxia. Responsable de Comunicación e Coordinador de Novos Proxectos.

2019-2020. Wells Libros. Libreiro.

## As lebres cANdo sALTAN

Lema: Esvoazar

Nº de versos: 97

*Sempre hai verba que non di e bon alalá que non zoa*

MARÍA MARINHO, *PALABRA no tempo*

### *Unha postal*

Dende aquí escoito o mar aínda que non o vexa. Escribo postais nas que vos conto que todo é máis triste do que agardaba, menos verde.

A mesa da cociña é estreita e sérveme de escritorio.

Pola mañá, despeizamos un coello nesta mesma táboa.

Bañámolo en aceite e especias.

Soan as campás.

Mentres vos escribo, encólleseme o estómago e penso nas lebres cando saltan.

### *Estar atento*

Camiño polos arredores da casa e confundo un anaco de madeira mollada cun paxaro morto.

Ás veces o que quero contar é diferente do que en realidade sinto.

Miro de lonxe a miña nai mentres pasea coa nosa cadela.

Penso nas gadoupas húmidas do animal, nos camiños que abre seguindo un rastro que nós non vemos. O cambio das estacións.

Hai tardes en que desaparece entre a herba alta ou escapa por algún burato e miña nai queda fóra chamando por ela. Berrando o seu nome sen poder moverse.

Eu sei que a cadela a escoita, pero non regresa.

Eu escóitoo, pero non acudo.

Estar só é aprender a estar atento.

### *Un suspiro*

Durante a viaxe en coche cruzamos unha ponte.

Ás beiras da estrada hai animais que cantan. Algúns discuten, outros reproducense. Son animais comúns: lebres, coellos, raposos, donicelas.

Evitarei citar aquí os nomes dos paxaros, os nomes dos insectos, o tremor da herba. Non quero que te distraian.

De súpeto, comezo a pensar que pasaría se o coche esvarase. Se caésemos ponte abaixo e nos afundísemos no mar ou no río.

O pensamento chega como a chuva ao final dun túnel.

A teoría está clara. Ou parece clara. A teoría é como a sombra das follas: difícil de debuxar. Ti, coas túas pernas longas e as costas fortes, nadarías ata a superficie.

Mentres, eu choraría no interior do coche. Completamente seco. Cada vez máis fondo.

Durante a viaxe ti conduces e eu suspiro.

Non espertamos a compaixón dos animais comúns. Ningún corzo atravesa a estrada.

### *As últimas abellas do día*

Son as dez da noite na praia de Vilariño, a comezos do verán.

O ceo azul, escuro. Tan quieto, tan a piques de romper polos extremos.

Entón, comezan a chegar as últimas abellas do día. Primeiro tres, logo catro. Comezan a bailar preto do noso coche, na praia de Vilariño, arredor das flores dunha herba de San Xoán.

Eu non sabía que se chamaban así, esas flores. Ensinoumo unha amiga días despois, cando lle amosei a fotografía. O amarelo tépedo de infusión.

Paseamos.

Polo camiño, atopamos un poema sen asinar. Gravado en pedra. Un epitafio clásico.

Disposta fronte ás ondas, cada palabra, cada sílaba, está pensada para vibrar no corpo de quen camiña. De novo insectos, nenos coa boca aberta. Resonancia.

O que os mortos pensAN de nós ocupA máis espAZO que AQuilo que nós poidAMOS pensAR dos mortos, díxenche. Lembro telo lido nAlgures.

E lembraba perfectamente onde o lera e por que o dicía.

Lembraba mesmo o nome do escritor.

Ao principio da praia, preto do noso coche, hai un posto ambulante de pizzas e a xente senta na terraza a falar. É unha melodía desordenada, un movemento rápido.

Refrescos, cervexa, tabaco, caixas manchadas de cartón. O pizzeiro é un home guapo. Gústache?

Sei poucas cousas de nós. Diría que cada vez menos. Nunca me preocupou saber máis. Ao final do día, levamos a cea á casa. O mesmo que as abellas.

Vén con nós a súa soidade que canta. Un zunido cada vez maior.

### *O niño de avespas*

Durante un mes un niño de avespas medrou a carón do noso sono. Sabiamos que estaban aí, multiplicándose na caixa da persiana, e nin sequera nos movemos.

Non sei que fará miña irmá.

Ela, que medrou moito máis lenta, menos vexetal, igual de áxil.

Temo polo que será de miña irmá. Temo que dentro duns anos non nos falemos apenas. Ela tan idéntica a como era papá hai pouco. Eu igualiño a mamá como era hai anos.

Pasado un mes chamamos un exterminador para que remate coas avespas. Golpea a caixa da persiana e cae terra. Migallas de barro que se van amoreando.

Nin rastro dos insectos.

O exterminador coloca un pouco veneno onde sinalamos que debería estar a entrada ao niño. Despois marcha.

Durante un mes durmo pensando que será de miña irmá. Os anos por vir, células en expansión.

Convivo coa incerteza. É como darlle as costas ao océano.

Que se pouse unha avespa no meu ollo pechado. Collernos da man.

### *Anatomía dun mosquito*

Ante min desprégase en todas as súas dimensións a anatomía aumentada dun mosquito. A lámina —dos anos 20— reza na cabeceira: DipteRA II. Culex.  
O meu latín escaso obrígame a reparar nos seus ollos. Azuis e enormes.  
Os ollos do mosquito coma garrafas de auga. Algo que se move sen estar vivo. Algo que descansa.  
Estou nun instituto que viviu a guerra. Un lugar solemne. Nunha aula pechada, M. examínase diante de cinco persoas. Del depende que nos mudemos a un piso máis grande, que eu deixe o meu traballo, que escriba unha novela ou haxa flores na mesa da cociña.  
De súpeto o mosquito parece unha flor: o azul dos ollos, a tripa rosada que imaxino vermella coa chegada do verán.  
Móvese. Madura.  
No centro do instituto hai un patio. As ventás están abertas. Nalgún lugar estarán pendurados tamén os planos do edificio. Unha xeometría de provincias.  
Manuel fala de memoria durante case unha hora.  
Mentres, eu imaxino o que sería transportar na miña boca o seu sangue. A sucidade nos dentes. O peso no estómago.  
Imaxino como quedaría sinalado nos planos do instituto o lugar onde vomitei. Diante dos ollos azuis do mosquito. O lugar onde alguén guindou panfletos. Como rexistrarían nos planos o noso movemento, a historia. Unha mancha.  
M. sae e eu aparto a vista da lámina. Sorrí seguro.  
Cando marchamos, o mosquito recupera a súa forma.  
Detense de novo. Os erros fan a profecía.  
Pase o que pase, escribirei unha novela.

### *Visión*

O caso é que nunca poderíades dicir se falo de Deus ou do rapaz que agarda sentado a que alguén o bique.  
Faise noite e o verán esmorece na pel suave das súas pálpebras. Escurece lenta a herba, a cortiza das árbores.  
Medimos o tempo pola sombra das cousas. Só así podemos saber cando se detén.  
O rapaz abre lentamente a boca e non di nada.



## PERSOAS PREMIADAS

### **1º Premio**

Palimoquiños e Cía.

### **2º Premio**

Lohengrín Teatro

### **3º Premio**

Farándula Velutina



## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

### **Vogais**

Manuel Guede Oliva

Juan Pablo Rodríguez Santiago

Antonio Vázquez Turnes

Inmaculada López Silva

### **Secretaria**

Ángela Fernández Rey



1º PREMIO

# Palimoquiños e Cía.

Lugo



No ano 2011 constitúese o grupo Os Palimoquiños dentro da asociación Palimoco Teatro. Mozos e mozas de 13 a 19 anos formándose e creando a través do teatro. A súa formación complementase na Escola Palimoco Teatro Danza.

Desde a súa formación participan en circuitos afeccionados de teatro con outros grupos da cidade, especialmente coa Compañía de Teatro Down Lugo e ONGS como Amnistía Internacional.

A partir do ano 2011 presentaron obras tales como: *Real ou non*, adaptación de *Os xogos da fame*; *Os miserables*, *Antígona*, *Km 526*, *Borralliña* e *Así que pasen cinco anos*.

Este ano xuntáronse a outro grupo da escola e presentaron esta adaptación de *Os Miserables*.

Desde a súa creación están dirixidos por Paloma Lugilde.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

Formación con Paloma Lugilde.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

Encontros Palimoqueiros con Teatro do Atlántico, Avelina Pérez, Paula Carballeira, Colectivo Glovo, Roberto Salgueiro e Noemi Sánchez.

## Os miserables





## 2º PREMIO

# Lohengrín Teatro

Vigo



Unha agrupación con máis de 30 anos que forma e transmite a paixón do teatro á mocidade de todas as idades. Nestes momentos máis de dúas ducias de mozos e mozas traballan profesionalmente.

Creamos escolas de distintas idades onde o máis importante é transmitir. Para iso, sempre buscamos traballos innovadores e sociais, onde o grupo sexa prioritario sobre o individual, utilizando todas as técnicas ao alcance da compañía: a formación do corpo e da voz, o respecto ás técnicas, ás iluminadoras, escenógrafas, músicos, maquilladoras, corpo de baile etc., sendo tan prioritario para as súas montaxes como para o seu traballo actoral.

Todo iso ten sido recoñecido nestes anos con máis de 20 mencións, premios e recoñecementos.



@lohengrin.teatro



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

1989. A compañía Lohengrín Teatro fúndase en Vigo grazas a 20 mozos e mozas con inquiredanzas artísticas.
- 2016-2017. *Sombras* de Mari Paz Alonso. Premios Buero Autonómico Autonómico. Mellor espectáculo (2016) e mellor posta en escena (2017).
- 2017-2018. *Bernarda*, versión de Pablo Iriarte (La casa de Bernarda Alba). Premios Buero 2017 (Mellor versión coral). Premios Buero 2018 (Mellor posta en escena). 3º premio á mellor obra na categoría Senior. Mención especial ao traballo das actrices Lara, Sofía e Gema e do actor Álex.
- 2017-2020. *Un contacontos musical*. *A mirada das bolboretas* (La mirada de las mariposas). Seleccionada para representar á Federación Galega (FEGATEA) no festival trasfronteirizo: PATA 2019 en Carballiño e 2020 en Zamora. Seleccionada no 2020 no festival da Fegatea en Ribadavia e no festival Agustín Magán en Santiago de Compostela.
- 2019-2020. *Con la mirada en sus manos*, por Pablo Iriarte (teatro Cego). Premios Buero 2019: Mellor espectáculo en Galicia, mención especial do xurado. 2º premio do programa Xuventude Crea 2020 na especialidade de teatro. Seleccionada para representar á federacion Galega (FEGATEA). PATA 2020 en Viana no teatro Sa de Miranda.

## Coa mirada nas súas mans





## 3º PREMIO

# Farándula Velutina

Corcubión



No verán de 2018, un grupo de mozos e mozas, antigos membros da agrupación de teatro escolar Tuéjele Teatro do I.E.S. Fernando Blanco de Cee, xunto co noso profesorado e dirección, Fernando Castro Paredes e Marina Gómez Pose, decidimos formar o grupo de teatro afeccionado *Farándula Velutina*, vinculado á asociación cultural As Nove Musas, de Corcubión, co obxectivo de xerar un espazo de creación escénica de espectáculos para todo tipo de públicos. Na nosa breve andaina xa temos colaborado activamente coa vida cultural da comarca.

A nosa filosofía é traballar con textos de creación propia. É por iso que, salvo a versión da *Cantante calva*, de Ionesco, as nosas representacións parten de textos do autor Fernando Castro Paredes, membro activo do grupo ou de textos de creación colectiva.



<https://as9musas.wixsite.com/misitio>



@Farándula Velutina



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018. Representación de dous *skechs* de *Farándula Velutina* nun acto organizado pola asociación feminista *Buserana* con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, en Cee.

Durante o ano 2019:

- » Posta en escena dun fragmento da peza *A derradeira bala*, de Fernando Castro Paredes co motivo da presentación do libro na Casa de Cultura de Cee.
- » Presentación *Gala de Entroido 2019*, na Casa de Cultura de Corcubión.
- » *A cantante calva*, versión libre da obra de Eugène Ionesco, representada no IES Calvo Sotelo da Coruña e nas casas de cultura de Corcubión, de Rois e de Sada.
- » *Recreación do Desembarco das Tropas do Arcebispo de Luna*, no marco do XIX Mercado Medieval da Costa da Morte na Praia de Quenxe en Corcubión.
- » Colaboracións coa Banda Municipal de Cee, cunha dramatización do conxuro da Queimada no marco da peza *Suite Galaica*, co motivo do IX Memorial Manuel Rebollar, na Alameda de Cee e outra, no marco das festas na honra da Virxe da Xunqueira, na Alameda de Cee.
- » *Papiroflexia*, Fernando Castro Paredes. Casa de Cultura de Corcubión e no IES Rosalía de Castro en Santiago de Compostela.
- » *Animais de compañía*, de Fernando Castro Paredes. Casa de Cultura de Corcubión e no Salón de actos da Facultade de Educación da UDC.

Durante o ano 2020:

- » *Papiroflexia*, de Fernando Castro Paredes: IES Fernando Blanco de Cee, Campo do Rollo en Corcubión, no marco do Festival Artenauta.
- » Representación de *As lavandeiras*, performance na Praza de Castelao de Corcubión.
- » *Animais de compañía*, de Fernando Castro Paredes: Salón Teatro de Santiago de Compostela e Casa de Cultura de Corcubión.

## Animais de companhia



ESPECIALIDADE DE  
**VIDEOCREACIÓN**



## PERSOAS PREMIADAS

### 1º Premio

Carlota Álvarez Feijoo

### 2º Premio

Luis Xavier Do Rego Ramil

### 3º Premio compartido

Andrés Sanjurjo García

### 3º Premio compartido

Hugo Vales Fernández

### Mención de honra

Ariadna Cordal García

## MEMBROS DO XURADO

### Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social

### Vogais

Ignacio Vilar Díaz

Francisco Freire Magariños

Ana Míguez Vázquez

Pablo Comesaña Pérez

### Secretaria

M.<sup>a</sup> Jesús López Cernadas





## 1º PREMIO

# Carlota Álvarez Feijoo

Piñor



Gústame escoitar, buscar e contar historias. Estudo Xornalismo e Comunicación Audiovisual pero desde pequena sempre me motivou todo tipo de creación, imaxinar novas formas con aquilo que tiña máis a man. Aínda que sempre estiven máis apegada ao debuxo e o traballo manual, agora atopo na creación de vídeos, e no *stop motion* en concreto, unha maneira de agrupar todas as miñas afeccións: desde o traballo máis artesanal á narrativa audiovisual. O meu interese neste campo comeza grazas á iniciativa dun profesor en 3º da ESO de facer unha curta de animación, *Os xeranos do señor Alfonso*. Desde entón, ese interese non deixou de medrar e calquera escusa é boa para probar novas técnicas.

Gústame buscar emocións: ata aquilo que pode parecer máis insignificante é capaz de transmitir e facer sentir.

 @cfeijoo28

 @enxangues



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2016-2018. IES Nº 1, O Carballiño. Bacharelato humanístico.

2018-Actualidade. USC. Santiago de Compostela. Cursando dobre Grao de Xornalismo e Comunicación Audiovisual.

## Zafirada






## 2º PREMIO

# Luis Xavier Do Rego Ramil

Santiago de Compostela



Empecei detrás das cámaras xa hai algúns anos e desde entón, non parei de crear material audiovisual (de cuestionable calidade ata agora). Intento reflectir na cámara o que penso en cada momento e así ver o progreso que vou experimentando co tempo. Son un férreo seguidor das artes como medio de liberación da sociedade actual. Soñador e fotógrafo polas mañás, activista cibernético polas noites, de cada mil proxectos que teño na cabeza ao final acaba por materializase un (e mal). Actualmente estou preparándome para o exame de acceso ao ciclo superior. Entre os proxectos a curto prazo está experimentar con novas disciplinas artísticas dentro da área da fotografía como a fotografía artística-narrativa para intentar transmitir unha historia máis completa en cada fotograma.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2018-2019. Seminario menor, Santiago de Compostela, ESO.

2019-2020. IES Xelmirez I, Santiago de Compostela, Bacharelato ciencias.

2020-2021. Autodidacta, YouTube.



@112visual

## Raíces






3º PREMIO COMPARTIDO

# Andrés Sanjurjo García

A Coruña



Son un eterno aprendiz, alguén curioso, coa necesidade de crear para curar as miñas neuroses, para pedir amor.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2005-2011. IES Monelos, A Coruña.

2011-2016. Universidade de Burgos. Grao en Comunicación Audiovisual.

2016-2018. Universitat Pompeu Fabra. Mestrado Documental de Creación.

2020-2021. Universitat Pompeu Fabra. Mestrado Universitario en Estudos de Cine e Audiovisual Contemporáneos.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2015. Axudante de produción Forastero Films.

2015. Prácticas profesionais Zeitun Films.

2018. Segundo axudante de dirección. *O que Arde*. Producida por Miramemira e dirixida por Oliver Laxe.

2018-2020. Produtor. Acariño Films.

Sen título





3º PREMIO COMPARTIDO

# Hugo Vales Fernández

A Coruña



Nacín na Coruña en 1998. Na adolescencia comecei a interesarme polo audiovisual. Atopaba especialmente interesante a parte visual e sonora. É por iso que decidín especializarme nese ambito. Actualmente estou facendo un curso de experto en postprodución da imaxe na UNIR. No caso deste proxecto, a parte do visual, compuxen tamén a música. De feito, unha das miñas opcións de especialización para o próximo ano é a produción musical.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2017-2020. Comunicación Audiovisual  
Universidade da Coruña.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020. Prácticas en empresa MasLenovo (Axudas enerxía).

2020. Edición vídeo Fiverbun Records.


**0 fin dos nosos días**





## MENCIÓN DE HONRA

# Ariadna Cordal García



Cambados



Crear para dialogar. Crear para mellorar o mundo. Así definiría a miña motivación cinematográfica e audiovisual. Na nosa acelerada sociedade da información, as imaxes represéntannos e substitúennos. Por iso, paréceme interesante que as miñas creacións tornen cara temas sociais, reflexivos e introspectivos. Algunhas das miñas pezas foron proxectadas en festivais como Curtocircuíto ou Cans, e agardo poder manter a traxectoria, mudando e mellorando os meus filmes e habilidades comunicativas.



## FORMACIÓN ACADÉMICA

2020-Actualidade. Universidade Pompeu Fabra. Mestrado de Cine e Audiovisual Contemporáneos.

2017-2018. Eckerd College. Programa ISEP.

2015-2019. Universidade de Vigo, Pontevedra. Grao en Comuniación Audiovisual.



## EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020. *Onde dormen as gaivotas*. Edición e dirección de arte na curtametraxe.

2019-2020. Universidade de Vigo. Ponte Veteri. Guionista, deseño de xogo e investigación.

2019-2020. Agallas Films. *A illa das mentiras*. Prácticas en produción.



[ariadnacordal.gal](http://ariadnacordal.gal)

## Aves migratorias









XUNTA DE GALICIA